



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 168
6 de marzo de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 20601 (12/PRE-005881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a modificación das condicións iniciais do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a construción do novo centro de saúde desa vila

[72554](#)

I 20612 (12/PRE-005882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre as necesidades de mellora nas infraestruturas e no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Veá, na Estrada

[72557](#)

I 20619 (12/PRE-005883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a atención ás demandas das persoas usuarias e a eventual reconsideración por parte da Xunta de Galicia das modificacións nas rutas e frecuencias dos autobuses que conectan Vedra e Santiago de Compostela

[72559](#)

I 20667 (12/PRE-005884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o impacto do endebedamento público de Galicia e a postura do Goberno galego ante a posibilidade de negociar co Goberno central unha quitación da débeda pública autonómica

[72562](#)

I 20685 (12/PRE-005885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as eventuais demandas de colleita en verde nas denominacións de orixe ou IXP vitícolas de Galicia e a posible existencia de estudos realizados pola Xunta de Galicia relativos ás necesidades de activación deste mecanismo para regular o mercado

[72566](#)

I 20695 (12/PRE-005886)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat



Sobre as condicións dos concertos establecidos entre o Sergas e o hospital privado Ribera Povisa, de Vigo, o grao de cumprimento destes concertos e o nivel de calidade da asistencia sanitaria no devandito centro hospitalario [72570](#)

I 20710 (12/PRE-005887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre a posibilidade de que as explotacións de gandaría ecolóxicas poidan optar ás axudas que as explotacións en extensivo reciben nas zonas con presenza de depredadores silvestres [72575](#)

I 20719 (12/PRE-005888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a evolución en Galicia do peso do sector industrial, os obxectivos da Xunta de Galicia nesta materia e a súa postura respecto do impulso dun pacto galego para o fomento da actividade industrial e tecnolóxica [72579](#)

I 20732 (12/PRE-005889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á dotación da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui, e a valoración que fai respecto das necesidades do centro neste aspecto [72583](#)

I 20738 (12/PRE-005890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a situación do deporte feminino en Galicia e o traballo realizado pola Xunta de Galicia, así como o previsto, para acadar a igualdade neste ámbito [72586](#)

I 20751 (12/PRE-005891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a imposibilidade de reparar o ascensor do IES San Paio, de Tui, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para corrixir esta carencia [72589](#)

I 20765 (12/PRE-005892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura do Goberno galego ante as necesidades das diferentes áreas sanitarias de Galicia verbo da dotación e cobertura de prazas de nutricionistas [72592](#)

I 20772 (12/PRE-005893)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación dos servizos de logopedia na sanidade pública de Galicia e a determinación das taxas máis adecuadas de número de pacientes por logopeda segundo a área sanitaria [72595](#)



I 20786 (12/PRE-005894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da aprobación na anualidade de 2025 de axudas públicas ás empresas electrointensivas situadas en Galicia para compensar as emisións de CO2 [72598](#)

I 20801 (12/PRE-005895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a postura da Xunta de Galicia nas súas relacións co Goberno central en materia de negociación do sistema de financiamento e da débeda, así como as medidas económicas que vai tomar logo da derogación no Congreso dos Deputados do Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro [72600](#)

I 20814 (12/PRE-005896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre o estado da estrada OU-121 no concello do Barco de Valdeorras por causa dos continuos desprendementos e as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia ao respecto [72604](#)

I 20824 (12/PRE-005897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o atraso da posta en servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Moraña [72607](#)

I 20832 (12/PRE-005898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre as pragas de moscas que afectan a varios concellos de Galicia e os recursos e plans que prevé dispor o Goberno galego ante esta problemática [72609](#)

I 20841 (12/PRE-005899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a planificación por parte do Goberno galego das estratexias de impulso da igualdade no ámbito industrial [72612](#)

I 20849 (12/PRE-005900)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o grao de idoneidade da localización e dos recursos do Punto de Encontro Familiar de Ourense para o cumprimento das súas funcións e as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto [72615](#)

I 20854 (12/PRE-005901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra



Sobre os resultados que está a ofrecer o Programa Rehaluga, a valoración que fai o Goberno galego e as novas medidas que prevé para abordar o problema da vivenda baleira [72619](#)

I 20859 (12/PRE-005902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a xestión que leva a cabo a empresa concesionaria das instalacións hoteleiras do mosteiro San Clodio de Leiro, o seguimento que realiza a Administración da Xunta de Galicia e as actuacións que ten previstas ante o remate da concesión [72623](#)

I 20870 (12/PRE-005903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 3 máis

Sobre a regulación da expansión do viñado e os plans da Xunta de Galicia para impulsar unha ordenación que evite a invasión dos núcleos de poboación polas explotacións vitícolas [72627](#)

I 20888 (12/PRE-005904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a postura e as actuacións do Goberno galego ante os cambios que se están a producir no sector do automóbil e o seu impacto en Galicia, e particularmente no referido á crise da empresa Forvia en Ourense [72630](#)

I 20895 (12/PRE-005905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre os usos dados polo Concello do Vicedo a un vehículo financiado con axudas recibidas para ofrecer un servizo social e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto [72634](#)

I 20897 (12/PRE-005906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre a situación da comarca da Limia en canto sexa declarada como zona vulnerable aos nitratos (ZVN) [72636](#)

I 20900 (12/PRE-005907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez [72639](#)

I 20907 (12/PRE-005908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a evolución en Galicia do índice de produción industrial (IPI), as políticas que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto e a súa valoración verbo da oportunidade de promover un pacto nesta materia [72644](#)



I 20911 (12/PRE-005909)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as obras que se están a realizar na igrexa de Santa Mariña do Azogue, de Betanzos, e o cumprimento das normas de protección do patrimonio cultural

[72648](#)**I 20929 (12/PRE-005910)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre os niveis de sinistralidade laboral en Galicia, os recursos e a eficacia dos organismos de inspección e o labor que leva a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación

[72650](#)**I 20944 (12/PRE-005911)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións para o financiamento autonómico

[72653](#)**I 20945 (12/PRE-005912)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o estado en que está a tramitación do expediente da declaración do Pazo de Lourizán como ben de interese cultural

[72657](#)**I 20957 (12/PRE-005913)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á xestión das exhumacións das vítimas da represión franquista e ao desenvolvemento da súa política de memoria democrática

[72660](#)**I 20963 (12/PRE-005914)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as verteduras producidas na Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal, as previsións da Xunta de Galicia verbo da súa eliminación definitiva e a ampliación da recuperación desa zona

[72664](#)**I 20967 (12/PRE-005915)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre o nivel de ocupación do bloque de vivendas cedido polo Concello de Esgos á Garda Civil e a posibilidade de recuperalo, total ou parcialmente, como vivendas de carácter social

[72668](#)**I 20979 (12/PRE-005916)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a xestión dos servizos sociais por parte do Concello de Ourense, a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación e as actuacións que prevé levar a cabo ao respecto [72671](#)

I 20983 (12/PRE-005917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre a situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), as demandas do persoal investigador e a valoración da Xunta de Galicia verbo do papel da investigación pública ao servizo do sector agrogandeiro [72674](#)

I 20992 (12/PRE-005918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a oferta do Goberno central da quitación dunha parte da débeda pública da Comunidade Autónoma e as consecuencias do seu rexeitamento [72678](#)

I 21000 (12/PRE-005919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos [72681](#)

I 21006 (12/PRE-005920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da postura adoptada polo Grupo Popular do Congreso dos Deputados ante o decreto que permitía liquidar as entregas á conta do sistema de financiamento autonómico [72684](#)

I 20974 (12/PRE-005921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no referido á execución en 2025 de melloras na rede viaria da contorna de Pontevedra [72687](#)

Admisión da solicitude, asignación a comisión e publicación do acordo

I 6684 (12/PRE-000699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os trámites e os prazos para recuperar dúas pezas do pórtico do mosteiro de Carboeiro, no concello de Silleda, que, logo de ser subtraídas e posteriormente formar parte dunha colección particular, se atopan hoxe nun museo de Barcelona [72548](#)



■ A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 20740, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

[72549](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 11 de marzo de 2025, ás 10.00h)

[72549](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 20601 (12/PRE-005881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a modificación das condicións iniciais do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a construción do novo centro de saúde desa vila

- 20612 (12/PRE-005882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre as necesidades de mellora nas infraestruturas e no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Veá, na Estrada

- 20619 (12/PRE-005883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a atención ás demandas das persoas usuarias e a eventual reconsideración por parte da Xunta de Galicia das modificacións nas rutas e frecuencias dos autobuses que conectan Vedra e Santiago de Compostela

- 20667 (12/PRE-005884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o impacto do endebedamento público de Galicia e a postura do Goberno galego ante a posibilidade de negociar co Goberno central unha quitación da débeda pública autonómica

- 20685 (12/PRE-005885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as eventuais demandas de colleita en verde nas denominacións de orixe ou IXP vitícolas de Galicia e a posible existencia de estudos realizados pola Xunta de Galicia relativos ás necesidades de activación deste mecanismo para regular o mercado

- 20695 (12/PRE-005886)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat



Sobre as condicións dos concertos establecidos entre o Sergas e o hospital privado Ribera Povisa, de Vigo, o grao de cumprimento destes concertos e o nivel de calidade da asistencia sanitaria no devandito centro hospitalario

- 20710 (12/PRE-005887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre a posibilidade de que as explotacións de gandaría ecolóxicas poidan optar ás axudas que as explotacións en extensivo reciben nas zonas con presenza de depredadores silvestres

- 20719 (12/PRE-005888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a evolución en Galicia do peso do sector industrial, os obxectivos da Xunta de Galicia nesta materia e a súa postura respecto do impulso dun pacto galego para o fomento da actividade industrial e tecnolóxica

- 20732 (12/PRE-005889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á dotación da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui, e a valoración que fai respecto das necesidades do centro neste aspecto

- 20738 (12/PRE-005890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a situación do deporte feminino en Galicia e o traballo realizado pola Xunta de Galicia, así como o previsto, para acadar a igualdade neste ámbito

- 20751 (12/PRE-005891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a imposibilidade de reparar o ascensor do IES San Paio, de Tui, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para corrixir esta carencia

- 20765 (12/PRE-005892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura do Goberno galego ante as necesidades das diferentes áreas sanitarias de Galicia verbo da dotación e cobertura de prazas de nutricionistas

- 20772 (12/PRE-005893)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación dos servizos de logopedia na sanidade pública de Galicia e a determinación das taxas máis adecuadas de número de pacientes por logopeda segundo a área sanitaria



- 20786 (12/PRE-005894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da aprobación na anualidade de 2025 de axudas públicas ás empresas electrointensivas situadas en Galicia para compensar as emisións de CO2

- 20801 (12/PRE-005895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a postura da Xunta de Galicia nas súas relacións co Goberno central en materia de negociación do sistema de financiamento e da débeda, así como as medidas económicas que vai tomar logo da derogación no Congreso dos Deputados do Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro

- 20814 (12/PRE-005896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre o estado da estrada OU-121 no concello do Barco de Valdeorras por causa dos continuos desprendementos e as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia ao respecto

- 20824 (12/PRE-005897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o atraso da posta en servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Moraña

- 20832 (12/PRE-005898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre as pragas de moscas que afectan a varios concellos de Galicia e os recursos e plans que prevé dispor o Goberno galego ante esta problemática

- 20841 (12/PRE-005899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a planificación por parte do Goberno galego das estratexias de impulso da igualdade no ámbito industrial

- 20849 (12/PRE-005900)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o grao de idoneidade da localización e dos recursos do Punto de Encontro Familiar de Ourense para o cumprimento das súas funcións e as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto

- 20854 (12/PRE-005901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra



Sobre os resultados que está a ofrecer o Programa Rehaluga, a valoración que fai o Goberno galego e as novas medidas que prevé para abordar o problema da vivenda baleira

- 20859 (12/PRE-005902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a xestión que leva a cabo a empresa concesionaria das instalacións hoteleiras do mosteiro San Clodio de Leiro, o seguimento que realiza a Administración da Xunta de Galicia e as actuacións que ten previstas ante o remate da concesión

- 20870 (12/PRE-005903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 3 máis

Sobre a regulación da expansión do viñado e os plans da Xunta de Galicia para impulsar unha ordenación que evite a invasión dos núcleos de poboación polas explotacións vitícolas

- 20888 (12/PRE-005904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a postura e as actuacións do Goberno galego ante os cambios que se están a producir no sector do automóbil e o seu impacto en Galicia, e particularmente no referido á crise da empresa Forvia en Ourense

- 20895 (12/PRE-005905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre os usos dados polo Concello do Vicedo a un vehículo financiado con axudas recibidas para ofrecer un servizo social e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 20897 (12/PRE-005906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre a situación da comarca da Limia en canto sexa declarada como zona vulnerable aos nitratos (ZVN)

- 20900 (12/PRE-005907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación co proxecto de dragaxe do río Lézé

- 20907 (12/PRE-005908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a evolución en Galicia do índice de produción industrial (IPI), as políticas que prevé impulsar o Goberno galego ao respecto e a súa valoración verbo da oportunidade de promover un pacto nesta materia



- 20911 (12/PRE-005909)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as obras que se están a realizar na igrexa de Santa Mariña do Azogue, de Betanzos, e o cumprimento das normas de protección do patrimonio cultural

- 20929 (12/PRE-005910)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre os niveis de sinistralidade laboral en Galicia, os recursos e a eficacia dos organismos de inspección e o labor que leva a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación

- 20944 (12/PRE-005911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións para o financiamento autonómico

- 20945 (12/PRE-005912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o estado en que está a tramitación do expediente da declaración do Pazo de Lourizán como ben de interese cultural

- 20957 (12/PRE-005913)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á xestión das exhumacións das vítimas da represión franquista e ao desenvolvemento da súa política de memoria democrática

- 20963 (12/PRE-005914)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as verteduras producidas na Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal, as previsións da Xunta de Galicia verbo da súa eliminación definitiva e a ampliación da recuperación desa zona

- 20967 (12/PRE-005915)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o nivel de ocupación do bloque de vivendas cedido polo Concello de Esgos á Garda Civil e a posibilidade de recuperalo, total ou parcialmente, como vivendas de carácter social

- 20979 (12/PRE-005916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a xestión dos servizos sociais por parte do Concello de Ourense, a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación e as actuacións que prevé levar a cabo ao respecto

- 20983 (12/PRE-005917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre a situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), as demandas do persoal investigador e a valoración da Xunta de Galicia verbo do papel da investigación pública ao servizo do sector agrogandeiro

- 20992 (12/PRE-005918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a oferta do Goberno central da quitación dunha parte da débeda pública da Comunidade Autónoma e as consecuencias do seu rexeitamento

- 21000 (12/PRE-005919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos

- 21006 (12/PRE-005920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da postura adoptada polo Grupo Popular do Congreso dos Deputados ante o decreto que permitía liquidar as entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

- 20974 (12/PRE-005921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no referido á execución en 2025 de melloras na rede viaria da contorna de Pontevedra

Admisión da solicitude, asignación a comisión e publicación do acordo

- 6684 (12/PRE-000699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os trámites e os prazos para recuperar dúas pezas do pórtico do mosteiro de Carboeiro, no concello de Silleda, que, logo de ser subtraídas e posteriormente formar parte dunha colección particular, se atopan hoxe nun museo de Barcelona

BOPG nº 52, do 23.07.2024



A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 20740, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 11 de marzo de 2025, ás 10.00h)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 11 de marzo de 2025, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de marzo de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o proxecto de lei de Servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006).

Publicación do Ditame da comisión e do mantemento de emendas, BOPG nº 166, do 4.03.2025

Punto 2. Comparecencias

2.1 21107 (12/PPP-000038)

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 26 de febreiro de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

2.2 20148 (12/PPP-000033)

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre as políticas de igualdade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Punto 3. Mocións

3.1 20968 (12/MOC-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19447, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 25 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

3.2 21009 (12/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17724, publicada no BOPG núm. 148f1, do 30 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 25 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 538 (12/PNP-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 19277 (12/PNP-001517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.3 20038 (12/PNP-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

4.4 20116 (12/PNP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

4.5 20353 (12/PNP-001632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis
Sobre accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

4.6 20603 (12/PNP-001655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e dezanove deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Punto 5. Interpelacións

5.1 1137 (12/INT-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e quince deputados/as máis

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

5.2 19844 (12/INT-000789)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

5.3 20084 (12/INT-000805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 21103 (12/POPX-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do grao de equidade que está a conseguir no financiamento das administracións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

6.2 21104 (12/POPX-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas do Goberno galego para avanzar na igualdade real das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 20074 (12/POP-003104)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os eventuais estudos ou informes dos que dispón a Xunta de Galicia respecto do alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.2 21081 (12/PUP-000085)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos na planta de Nostián, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

7.3 18601 (12/POP-002895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e tres deputados/as máis

Sobre a creación e composición do Observatorio das Mulleres do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.4 19369 (12/POP-002998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.5 21091 (12/PUP-000087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o tempo que tardará a Xunta de Galicia en aceptar o plan de condonación de débeda pública que lle propón o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

7.6 19636 (12/POP-003040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que está disposta a adoptar a Xunta de Galicia orientadas a afrontar o incremento de casos de agresión ao persoal sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.7 19839 (12/POP-003057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a dotación do novo centro de saúde de Moaña do servizo de urxencias sanitarias e doutros servizos incluídos no convenio asinado entrambas as administracións, autonómica e local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.8 20143 (12/POP-003139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre a adopción de medidas para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.9 17375 (12/POP-002755)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis

Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co fin de elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

7.10 20303 (12/POP-003205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.11 21085 (12/PUP-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo denunciada polo seu propio persoal investigador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O centro de saúde de Noia dá servizo non só a poboación de Noia senón que é o centro de referencia en urxencia e cando hai carencias de servizos médicos noutras vilas da comarca como Lousame, Outes ou Porto do Son, vilas que sofren no verán un importante incremento da poboación asistida e sobre todo cando faltan determinas especialidades nos centros de saúde das outras localidades, como sucedeu este verán coas pediatría, que tivo que realizarse obrigatoriamente en Noia.

O centro actual xa está sobrepasado polo que é preciso afrontar a construción dun novo e moderno centro de saúde. A propia Consellería é consciente desta carencia polo que no ano 2022 asinou un convenio con Concello de Noia para a construción de ese novo centro.

Nese convenio establecíase que o Concello de Noia se comprometía a ceder ao Sergas unha parcela de 1900 metros cadrados na zona de San Lázaro que permite a construción do centro de saúde, con unha superficie útil de entorno a 4.000 m².

A finais do ano 2024 a Xunta de Galicia licitou o proxecto construtivo do novo centro pero, sorprendentemente, a superficie da parcela onde se situará se reduce sensiblemente a 1300 m², o que obrigará a realizar un centro de saúde cun número maior de plantas, que dificultará a funcionalidade dos servizos sanitarios ofertados, e incumpriría os propios criterios de calidade do Sergas,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2025 17:06:34
Nº Rexistro: 20601
Data envío: 21/02/2025 17:06:34.023

que establecen que os centros de saúde deben ser de 1 ou 2 plantas máximo, como ben se pon de manifesto no caso do centro de saúde do Porto do Son, onde o SERGAS instou a cambiar os terreos inicialmente previstos para a cesión polo Concello por outro onde o centro de saúde puidera construírse con ese máximo de 2 plantas tal e como establece o Sergas.

Este novo proxecto, que modifica as condicións do convenio asinado, non ocupa a totalidade da parcela urbanizada xa que queda fora unha parte da parcela de 600 m² que obrigará a realizar un deseño do centro de saúde que ten que dispoñer de una mediana coa futura construción do resto da parcela. Esta parcela pode ser conseguida por adquisición ou por expropiación por intres público unha vez que esta destinada a equipamento tan importante socialmente como é un centro de saúde.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a razón pola que a Xunta Galicia aceptou a cesión polo Concello de Noia dunha parcela de 1300 m² en lugar da prevista de 1900 m² tal e como figuraba no convenio asinado?

Santiago de Compostela, a 21 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 21/02/2025 17:03:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72555

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2025 17:06:34
Nº Rexistro: 20601
Data envío: 21/02/2025 17:06:34.023

Elena Espinosa Mangana na data 21/02/2025 17:03:46

Silvia Longueira Castro na data 21/02/2025 17:03:55

CSV: B0R0BQ\$P0C0E0M090P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72556

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o centro de saúde de Souto de Veá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde Souto de Veá, localizado no concello de A Estrada, comezou o seu funcionamento a mediados dos anos noventa. Pertencente á área sanitaria de Santiago está situado no lugar que lle da nome, dentro da parroquia de San Xurxo de Veá, e nel os usuarios contan con servizo de medicina xeral e enfermería. O caso que nos ocupa, ao tratarse dun centro de saúde de pequeno tamaño, ofrece un trato máis personalizado aos que el acoden con frecuencia, que valoran moi positivamente a atención que se lles presta por parte do persoal sanitario.

Porén, dito centro carece do mantemento axeitado, acumulando unha serie de eivas nas instalacións, que se suman a unha devaluada atención na contorna, que lle confire unha imaxe de desleixo pouco adecuada para un centro de saúde de carácter público ao que os veciños e veciñas teñen que acudir. A especial preocupación reside no acceso dende a estrada ao centro, incómodo e perigoso en ambos sentidos de circulación e cunha sinalización moi deficiente. Para abandonar o centro ocorre o mesmo, a saída ten unha pendente moi pronunciada a través da que os usuarios cos vehículos se deben incorporar á estrada PO841 de tráfico intenso e dende a que só se pode tomar dirección Santiago. Deste xeito, a maiores de incorporarse nunha zona de visibilidade dubidosa ao tratarse dunha zona de curvas, o cambio de sentido debe realizarse noutra localización, factores que dificultan a chegada e o abandono do centro de saúde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que medidas tomará a Xunta de Galiza para dotar de condicións de seguridade viaria o acceso dos vehículos ao centro de saúde Souto de Veá?
- . Prevé a Xunta de Galiza mellorar o estado de mantemento do centro de saúde Souto de Veá?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/02/2025 10:16:00





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 12:00:02
Nº Rexistro: 20619
Data envío: 24/02/2025 12:00:02.232

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos últimos meses, diversos concellos de Galicia manifestaron preocupación polos recortes nas liñas de autobuses do transporte metropolitano xestionado pola Xunta de Galicia.

En outubro de 2024, os alcaldes de Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada reuníronse para analizar o "nefasto funcionamento" do transporte público na comarca da Coruña, esixindo máis frecuencias e novas liñas de autobús.

En resposta a estas demandas, en novembro de 2024, a Xunta de Galicia acordou prorrogar por catro anos o convenio do transporte metropolitano na área da Coruña, comprometéndose a revisar e mellorar as frecuencias e horarios tras as queixas cidadás e as ameazas de non asinar por parte dalgúns municipios.

Xa no presente ano, a Xunta de Galicia implementou recentemente cambios nas liñas de autobús que conectan Vedra con Teo e Santiago de Compostela, modificando os horarios de nove servizos e establecendo paradas baixo demanda en seis liñas. Estas modificacións foron acordadas co Concello de Vedra, que se comprometeu a informar á veciñanza sobre o funcionamento do servizo de reserva previa.

As e os veciños de Vedra presentaron formalmente alegacións á Xunta de Galicia en resposta aos recortes nas liñas de autobuses que afectan á súa





comunidade. Estas modificacións no servizo de transporte público teñen un impacto significativo na mobilidade dos residentes, especialmente daqueles que dependen do autobús para desprazarse a traballar, estudar ou acceder a servizos esenciais.

Este movemento veciñal reflicte a preocupación crecente en moitas áreas rurais de Galicia respecto ás políticas de transporte público da Xunta de Galicia e o seu impacto no desenvolvemento e cohesión social. Así, as alegacións presentadas subliñan a importancia de manter unha rede de transporte público adecuada que atenda ás necesidades da poboación local e evite o illamento das zonas rurais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a reconsiderar os recortes propostos nas rutas e frecuencias dos autobuses no concello de Vedra?
2. Vai a atender ás alegacións presentadas, e vaise a abrir a un diálogo coas e cos veciños afectados para atopar solucións que garantan un servizo de transporte eficiente e accesible para todos?

Santiago de Compostela, a 24 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 24/02/2025 11:53:33





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 12:00:02
Nº Rexistro: 20619
Data envío: 24/02/2025 12:00:02.232

Carlos López Font na data 24/02/2025 11:53:45

Paloma Castro Rey na data 24/02/2025 11:53:54

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

72561

@PSdeG



CSV: B0REB0SP0C0M71X1P0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións que debe levar adiante o goberno galego ante a oportunidade histórica de se beneficiar dunha quita.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos principais problemas económicos de Galiza, no presente e no futuro, é a débeda pública galega, que os gobernos do Partido Popular triplicaron ao longo dos seus mandatos, de forma que hoxe supón, cos últimos datos dispoñibles do Protocolo de déficit público excesivo do Banco de España, o 15% do PIB cando no ano 2009 se situaba no 8,6%. Unha débeda que pasou de supoñer 4.859 millóns no conxunto de 2009 a 12.154 millóns de euros nos datos máis recentes respecto do terceiro trimestre de 2024.

Á hora de avaliar esta situación, cómpre ter en conta dúas cuestións. Dunha banda, un modelo económico de relación co Estado español absolutamente desigual e centralista, polo cal Galiza, ademais de ter un sistema financiamento inxusto e cuxa revisión leva bloqueada unha década, vese sometida desde a crise financeira de 2008 a un marco inxusto de reparto do déficit que limita o seu autogoberno e brinda maior capacidade ao Estado malia non ser o responsable dos servizos públicos esenciais. Doutra banda, hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Partido Popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas e das súas medidas antisociais nin apostou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola transformación económica do noso país. Así as cousas, a débeda supón o terceiro volume de gasto máis importante dos Orzamentos aprobados para o ano 2025, só por detrás dos servizos educativos e sanitarios.

Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, o que nos dá unha cifra que supera os catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora, e sen termos en conta as advertencias do Consello de Contas que advirte da falta de transparencia verbo destas colaboracións e ten elevado a estimación do seu importe.

Ante a apertura dun debate político sobre o endebedamento e a responsabilidade do marco estatal, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O nacionalismo galego, en coherencia coa súa demanda da Axenda Galega no Estado e dun trato xusto para o noso país e en coherencia co respecto e seguimento dos acordos políticos emanados da cámara galega, conseguiu un acordo de investidura no ano 2023 que comprometía ao Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por CC.AA. adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, establecemento de medidas compensatorias análogas para a Galiza.

O acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego abría a porta a avanzar na resolución dun dos principais problemas de Galiza e hipoteca para xeracións e gobernos futuros, máis aínda nun momento de novas restricións de gasto e retirada dos recursos extraordinarios de financiamento dos que gozou o goberno da Xunta desde o ano 2020.

Porén, xa desde o mes de decembro de 2023, no que se celebraba un primeiro Consello de Política Fiscal e Financeira até a actualidade, o goberno da Xunta priorizou os seus intereses partidarios e nivel estatal por riba dos intereses dos galegos e galegas. É máis, esta actitude contrastou coa de varios líderes autonómicos que pediron negociacións bilaterais.

Nos días previos ao Consello de Política Fiscal e Financeira do 26 de febreiro coñecéronse informacións respecto dunha proposta máis concreta por parte do goberno central. Así mesmo, o Ministro López avanzou que de non haber acordo común na proposta, o goberno falaría con cada comunidade. É evidente que Galiza non pode perder esta oportunidade e debe negociar unha quita da débeda.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai dar prioridade o goberno da Xunta aos intereses de Galiza aproveitando a vía que abriu o Bloque Nacionalista Galego e aceptar unha quita da débeda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando vai deixar de obstaculizar que Galiza poida reducir unha parte da súa débeda e negociar co Estado a concreción dos seus termos?

Que valoración fai o goberno galego da hipoteca que deixa aos galegos e galegas e a futuros gobernos?

Cal é a valoración do goberno galego do impacto na débeda pública no futuro das finanzas galegas tendo en conta o contexto de 2025?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/02/2025 15:56:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas a poda ou colleita en verde nas DO e IXP de viño galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da PAC atópanse diversas medidas e mecanismos dirixidos ao sector vitivinícola; un dos cales é a practica coñecida como "poda en verde", e que se aplica especialmente no contexto do mercado do vino, nos últimos anos aplicouse no viño tinto.

A poda en verde é unha técnica agronómica que consiste en eliminar selectivamente acios antes de que maduren as uvas. Este proceso faise perante a tempada de crecemento activo da planta, por suposto antes da vendima. A eliminación dos acios de uvas cando están verdes reduce a cantidade de froita da planta que chegará a maduración, o que ten varios efectos beneficiosos tanto para a calidade do vino como para o equilibrio do mercado.

Dende o punto de vista agronómico, a poda en verde permite ao viticultor controlar o rendemento da viña, mellorando a concentración de azucres, ácidos e outros compostos desexables nas uvas que se deixan madurar. Isto trae consigo viños de mellor calidade, xa que con menos uvas na viñas, os nutrientes, e a auga dispoñíbeis distribúense en menos froitos potenciando a calidade. Tamén a poda en verde favorece





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha mellor aireación e insolación da viña, o que pode axudar a previr enfermidades fúnxicas

Dende a perspectiva do mercado, a PAC utiliza a poda en verde como un mecanismo para equilibrar a oferta e demanda de viño. En anos de produción excepcionalmente alta, o exceso de produción pode levar a unha caída dos prezos do viño, afectando negativamente aos ingresos de viticultores e adegueiros. Ao subvencionar esta práctica a PAC busca reducir voluntariamente a produción de uva para evitar a sobreprodución e a conseguinte caída de prezos.

O Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación activou a intervención da colleita en verde nos viñedos de uva para vinificación en teoría co obxectivo de estabilizar o mercado. A intervención foi aprobada mediante a Resolución de 20 de febreiro de 2025, da Dirección General de Producciones y Mercados Agrarios, pola que se fixa o orzamento para a posta en marcha da colleita en verde para o ano 2025, na Intervención sectorial vitivinícola. Dita resolución foi publicada no BOE do pasado 21 de febreiro. A medida conta cunha dotación orzamentaria de 19,2 millóns de euros.

A intervención púxose en marcha a petición das comunidades autónomas, conforme ao que se establece no artigo 34 do RD 905/2022, de 25 de outubro, que regula a Intervención Sectorial Vitivinícola dentro do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común (PAC). O obxectivo desta medida é reducir a presión naquelas zonas produtoras que manteñen niveis altos de existencias; en Galiza tivemos no pasado ano o caso da Ribeira Sacra.

Lembremos que no 2024 a Xunta de Galiza NON activou o procedemento de destilación de crise, quedando toneladas de uva sen comprador na DO Ribeira Sacra co conseguinte problema para os viticultores desta Denominación de Orixe. Para este ano 2025 a DO Ribeira Sacra xa solicitou que se activara este mecanismo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a lexislación e a resolución publicada, esta medida paliativa pretende reducir a vendima do 2025 de acordo a capacidade de almacenamento e comercialización e así evitar a sobre oferta de uva.

No 2023 e 2024 xa estivo activo este mecanismo a nivel estatal, aínda que a Xunta de Galiza non o puxo en marcha no noso País o que trouxo consigo que ese “exceso” de produción non tivera axudas para os viticultores; sendo eles os “paganos” da pouca dilixencia da Xunta.

Neste ano 2025 non coñecemos de momento as perspectivas da Xunta de Galiza nin tampouco si vai abrir esta posibilidade. Segundo a resolución debe lanzar as convocatorias antes do 30 de abril do 2025 e o que é mais importante neste momento, terán que comunicarlle á Subdirección General de Frutas, Hortalizas y Vitivinicultura, antes do 1 de marzo do 2025, a modalidade de pago elixida, os límites máximos os baremos estándar aplicábeis e os criterios de prioridade.

Ante a grande incerteza existente no sector e sobre todo nos viticultores, e a inquietude que xera esta situación nas DO galegas, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Houbo algunha DO ou IXP, a parte da Ribeira Sacra que solicitara ou pretenda solicitar a poda en verde?
- Fixo a Xunta de Galiza algún estudo ou análise da demanda de viño e as posíbeis necesidades de viño nesta campaña?
- Ten constancia a Xunta de Galiza da demanda de poda en verde nas DO de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Vai a Xunta de Galiza facer algunha comunicación de poda en verde ao Ministerio?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 24/02/2025 17:42:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/02/2025 17:42:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao novo contrato de servizos ofertado polo Sergas ao hospital privado Rivera-Povisa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algo ten caracterizado a política sanitaria do PP é ter apostado por un modelo asentado en converter en negocio a atención sanitaria. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario.

O paso do tempo pon continuamente ao descuberto con toda claridade esta folla de ruta, a súa peor faciana, ao servizo dos poderes económicos a costa da saúde e dos petos d@s cidadáns.

O 70% da sanidade privada existente en Galiza está en mans de empresas foráneas que só buscan o negocio, e estalles posibilitando que cada vez teñan máis capacidade de presión e de condicionar a sanidade pública.

Á Área Sanitaria de Vigo é o maior expoñente desta política. Todas as decisións tomadas polo PP na Xunta de Galiza con respecto á Área Sanitaria de Vigo foron na dirección de condicionala para garantir a súa dependencia da sanidade privada, especialmente de Povisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Sergas ven mantendo con este hospital o concerto máis caro, xa non da sanidade pública de Galiza, senón de todo o Estado español, polo cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria de miles de veciñ@s dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueloutros e parte do concello de Vigo, no que traballan arredor de 1.400 profesionais.

O PP actuou permanentemente de valedor dos propietarios de Povisa, primeiro Silveira, cando este procedeu a vendala á multinacional de Estados Unidos, Centene, por un prezo de ganga, non fixo nada por adquirir o hospital, nin cando de novo esta multinacional volveu vendela a outra multinacional, neste caso a francesa Vivalto Santé.

Neste contexto o Partido Popular na Xunta de Galiza, non ten traballado para crear infraestrutura propia que permita que toda a poboación da Área Sanitaria reciba atención nun centro público. Polo contrario, está permitindo que a multinacional propietaria do hospital, estea levando a cabo unha chantaxe permanente, cun concerto que rematou en agosto de 2024, data desde a cal o Sergas anuncia o último prazo, semana tras semana, sen que a empresa presente oferta a un contrato de servizos ofertado por unha cantidade de 97.5 millóns de euros anuais e que entraría en vigor o 1 de abril.

A día de hoxe non se coñece o contido deste contrato de servizos anunciado a finais de decembro, que supón un aumento de máis do 16%, por menos poboación atendida e por menos prestacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha evidencia de que o PP actúa permanentemente para capitalizar máis a máis ás empresa, para que as sucesivas vendas do centro sexan cada vez máis lucrativas, para as multinacionais que se adican a facer negocio coa saúde.

Povisa é un saco sen fondo onde a Xunta destina cada ano máis e máis cartos sen ningunha transparencia, constatándose que eses incrementos van a engordar a conta de resultados da multinacional e non a mellorar a calidade asistencial nin as condicións laborais das e dos profesionais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno galego que as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios se están a cumprir nos centros cos que ten concertos?

Até cando vai permitir que a multinacional dona deste hospital chantaxee á Xunta?

Cantas prórrogas máis lle vai dar a Xunta a Vivalto Santé?

Vai esixir a Xunta que o aumento anunciado de máis do 16% no contrato de servizos, respecto ao concerto anterior, vaia destinado a mellorar a calidade asistencial e as condicións laborais e salariais do cadro de persoal?

Que accións vai realizar Xunta para actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita ao hospital Ribera-Povisa así como dos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que seguimento realiza a Xunta do cumprimento das condicións establecidas no concerto con Ribera-Povisa?

Ten feita unha avaliación do cumprimento do concerto antes de negociar o contrato de servizos?

Se se fixo cal é o resultado do mesmo?

Vai realizar actuacións para integralo na sanidade pública?

Cal é a razón para non ter rematado coa anomalía de ter a case a metade da poboación recibindo asistencia sanitaria nun centro privado, con problemas constantes?

Coida o Goberno galego que @s doentes que teñen asignado o hospital Ribera-Povisa para a atención hospitalaria están sendo atendid@s con rateos de calidade e de profesionais equiparables como mínimo á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2025 17:59:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o complemento ás ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros e a incompatibilidade coa gandería ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as ***axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader***. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

“Complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros nas parcelas situadas en concellos do anexo III e V da Orde do 13 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre. Que tería que cumprir os seguintes criterios:

- *Cumprir os compromisos da axuda de extensificación das explotacións gandeiras.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Realizar pastoreo.*
- *Dispor dun mínimo de 15 UGM na explotación.*
- *Dispor de sistemas de vixilancia e/ou coidado do gando ante o risco de interacción con grandes carnívoros e mantelos durante todo o período de compromiso: dispositivos de xeolocalización polo menos no 20 % dos animais da explotación e/ou polo menos dous cans de garda por explotación (mastín español, mastín do Pirineo e/ou can de palleiro inscritos no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía).*

Así mesmo só se considerarán aquelas superficies de pastos que se atopan no concello onde este situada a explotación e colindantes.

Nesta axuda establécense os seguintes importes:

- *Prados temporais e permanentes e pastos arbustivos e pastos arborados: 75 €/ha.*

Esta axudas está limitada a 50 ha”

Esta axuda é importante para complementar as explotacións gandeiras nestes concellos nos que hai presenza destes grandes carnívoros como é o lobo.

Unha axuda que aínda que debера ser máis importante significa unha compensación para as explotacións das zonas de presenza desta fauna.

Curiosamente esta axuda non existe para as explotacións gandeiras en ecolóxico; o que non ten moito sentido. É como si nas explotacións ecolóxicas que polo mero feito de ser ecolóxicas xa teñen que ser extensivas non tiveran eses problemas de convivencia cos grandes carnívoros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo limitacións as explotacións ecolóxicas; non entendemos esta actuación da Xunta do PP contrario as mulleres e homes que están traballando e vivindo no rural e que decidiron apostar por un tipo de explotación respectuoso co medio ambiente e que produce alimentos de alta calidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que as explotacións ecolóxicas en extensivo destes concellos non teñen problemas de convivencia cos grandes carnívoros?
- Por que a Xunta de Galiza non permite que as explotacións en ecolóxico opten a estas axudas?
- Canto orzamento se necesitaría para que as explotacións gandeiras ecolóxicas puidieran optar a estas axudas?
- Vai a Xunta de Galiza modificar a normativa destas axudas no 2025 para que as explotacións gandeiras ecolóxicas en extensivo podan optar a estas axudas?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 25/02/2025 10:58:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a caída do peso industrial en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector industrial pode ser considerado no seu conxunto como aquelas seccións e divisións da CNAE-09, e constitúe historicamente o sector que reverte unha maior taxa de emprego de calidade, maior aportación ao valor engadido bruto (VEB) dunha economía e polo tanto é o sector que acaba marcando un posicionamento estratéxico dunha economía na súa súa contorna.

No entanto, facer do sector industrial un alicerce da xeración de riqueza e benestar debe ser o obxectivo da calquera goberno, tendo en conta o contexto actual de transformación e transición no que ten haber coa tecnoloxía e o respecto ao medio ambiente.

Así e todo, cando se analizan os datos do peso dos diferentes sectores sobre a economía galega e a súa evolución ao longo dos anos de Goberno do Partido Popular, constátase como se fortalece esa aposta de terciarización da economía galega en detrimento da industria. Agravado este feito tendo en conta que dita terciarización non se corresponde cos servizos de maior remuneración saliarial (como os financeiros, consultoría, técnicos,...) se non que corresponden aos elementos máis precarizados do sector servizos (hostelería, comercio, teleasistencia,...).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os últimos datos dispoñíbeis do IGE, no terceiro trimestre de 2024 (2024/3T) a evolución do peso por sectores a respecto do VEB total da economía galega é o seguinte:

- **Sectores primarios:** pasaron de representar o 4,7% do VBE en 2008 ao 3,8% en 2024/3T. Unha caída de case un 20% no reparto do VEB por sectores.
- **Sector secundario:** a industria pasou de representar o 16,4% en 2008 ao 15,9% en 2024/3T.
 - Se consideramos a **industria manufactureira**, a evolución é claramente moito mais negativa, pois se en 2008 representaba o 12,7% do VEB total, caeu ao 11,1% en 2024/3T.
 - **Construción:** foi tamén un dos mais afectados pola destrución de forzas produtivas, caendo case á metade o seu peso no VEB, do 11,3% en 2008 ao 6,1% en 2024/3T.
- **Sector Servizos:** consonte ao proceso global de terciarización das economías da nosa contorna, o seu peso no VEB non fixo máis que incrementarse desde o 59,4% en 2008 ao 65,5% en 2024/3T.

Se analizamos a evolución do emprego por sectores entre 2008 e 2024, contrastamos unha importante caída de 57.200 persoas ocupadas na Galiza, que desglosado por sectores:

- **Agricultura e pesca:** caída de 23.800 persoas ocupadas entre 2008 e 2024, un 24,7% menos.
- **Industria:** caída de 31.700 persoas ocupadas, unha caída do 14,7%.
- **Construción:** caída de 51.900 persoas ocupadas, un 38,7% menos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Servizos:** incremento de 50.300 persoas, un 50,3% máis.

Polo tanto, os datos deixan en moi mal lugar a evolución do sector industrial na Galiza durante os anos de goberno do Partido Popular, onde non só se aprecia unha caída do peso deste sector sobre a economía Galega, moi lonxe do 20% do PIB que marca como obxectivo Europa; se non que a evolución do emprego industrial tamén reflicte unha caída en termos absolutos e relativos no noso país.

O Goberno Galego debe fomentar a colaboración entre a administración, as empresas e as entidades sociais así como aos axentes tecnolóxicos e universitarios para desenvolver proxectos industriais de impacto local.

Adicionalmente o Goberno Galego debe despregar un maior esforzo no I+D como garantía para o desenvolvemento da industria nunha maior tecnoloxización e afianzamento do emprego de calidade.

Así, dende o Bloque Nacionalista Galego áchase necesario despregar unha vizosa política industrial que vaia para alén dos grandes anuncios e que implique unha maior presenza pública naqueles sectores industriais que aposten pola súa tecnoloxización e por implementar o I+D+i co obxectivo de que reverta na mellora do tecido industrial autocentrado no país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno Galego a caída do peso industrial na Galiza durante os anos de goberno do Partido Popular?
- Como valora o Goberno Galego a caída do emprego industrial durante os anos de goberno do Partido Popular?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pensa o Goberno Galego reverter esta situación?
- Pensa o Goberno Galego marcarse como obxectivo para esta lexislatura acadar o 20% do PIB industrial?
- Pensa o Goberno Galego aumentar o investimento en I+D+i até o 2,5% do PIB?
- Valora o Goberno Galego impulsar un pacto galego para o fomento da actividade industrial e tecnolóxica? Pensa facelo en colaboración co Consello Económico e Social?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2025 12:12:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a cobertura dunha praza de conserxería no IES San Paio de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES San Paio atópase no Concello de Tui na Comarca do Baixo Miño e conta neste ano lectivo 2024/2025 con 625 alumnos e alumnas.

Ademáis da propia oferta educativa como IES (dende 1º da ESO até 2º de Bacharelato) dende o ano 2007 conta cunha sección propia da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (sección de Tui) que oferta estudos de Alemán, Francés, Inglés e Portugués en horario de tarde. Esta sección da EOI conta con preto de 400 alumnas e alumnos. Sumando entre os

Así pois o centro de luns a venres permanece aberto de 7:30 horas da mañá até as 22:30 horas da tarde e para iso de ter garantidos todos os servizos do persoal non docente, como o servizo de conserxería uu de limpeza.

Atendendo ao número de alumnado a este centro correspóndenlle dúas persoas de conserxería, mais a raíz da apertura da sección da EOI en horario de tarde, no 2007 estableceuse un acordo entre o IES San Paio e a Consellería con competencias en materia de educación polo cal se ampliaba o persoal de conserxería e de limpeza nunha persoa máis, quedando recoñecidas finalmente tres persoas para conserxería e cinco de limpeza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación supuxo dende o 2007 poder garantir ter persoal de conserxería suficiente para manter dito servizo no amplo horario de apertura do centro. Ben é certo que por enfermidade ou por causa de forza maior que impedira a asistencia dalgunha desas tres persoas de conserxería, a consellería sempre puxo pegas á súa substitución, incluso en algunha ocasión causando peche do centro.

A situación agravouse notablemente neste mes de febreiro de 2025, cando de xeito repentino faleceu o conserxe que viña realizando o horario de tarde (para garantir o servizo na EOI). O centro solicitou a reposición desta praza mais a Consellería négase reiteradamente a cubrila, deixando de asumir as súas competencias e delegando a súa responsabilidade á propia comunidade educativa.

Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que se debe reverter esta situación, que se debe cubrir esta praza que está recoñecida na Relación de Postos de Traballo (RPT) da propia Consellería de Educación e que está orzamentada para este curso 2024/2025.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Pensa o Goberno Galego cubrir a terceira praza de conserxería do IES San Paio de Tui?
- Por que o Goberno Galego non cubriu esta praza recoñecida na RPT da consellería inmediatamente ao ter coñecemento da súa necesidade?
- Cre o Goberno Galego que a sección da EOI pode funcionar sen servizo de conserxería? Está disposto o Goberno Galego a pechar esta sección da EOI en Tui pola falta de persoal de conserxería?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o Goberno Galego propuxo ao centro incumprir os ratios de persoal de conserxería e ter só unha persoa de mañá e outra de tarde? Considera suficiente este persoal para máis de 1000 alumnas e alumnos en total?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2025 12:53:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a elaboración dun plan de promoción do deporte feminino en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres na sociedade galega segue a ser unha materia pendente. Se ben si que se ten avanzado moito na consecución de dereitos para as mulleres grazas á mobilización social e ás reivindicacións da loita feminista, continúa a ser imperativo o traballo decidido de todas as administracións para continuar a avanzar neste ámbito. Tamén no relativo ao deporte.

Segundo algúns dos últimos datos a respecto de deportistas federadas en Galiza, conséntase que só 1 de cada 5 persoas federadas en Galiza son mulleres, o que implica que a Xunta de Galiza debe traballar para garantir que ese número aumenta, non só a través do fomento da práctica deportiva en xeral senón tamén a través de políticas que visen este fomento destinado especificamente ás mulleres.

As mulleres galegas teñen hoxe, felizmente, grandes referencias no mundo do deporte; atletas e deportivas galegas de primeiro nivel mundial que son un verdadeiro orgullo para todo o país. O goberno galego debe aproveitar isto para impulsar máis decididamente o fomento do deporte feminino, algo que redundará de ser feito correctamente, nun maior benestar para todo pobo galego, xa que o fomento da actividade física supón beneficios palpábeis e evidentes para calquera país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por tanto necesario que a Xunta impulse un plan de fomento do deporte feminino para aumentar licencias federativas de mulleres e para mellorar o estado de saúde xeral da sociedade galega. É evidente que a actual lei do deporte de Galiza debe ser actualizada pola súa falta de referencias ao deporte feminino, polo que a creación dun plan consensuado cos grupos parlamentares que compoñen o Parlamento galego é un moi bo primeiro paso para mellorarmos como país nesta materia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual número de licencias federativas de mulleres en Galiza?
- Que pensa a Xunta a respecto da falta de referencias da actual lei do Deporte de Galiza ao deporte feminino?
- Está en disposición o goberno galego de traballar cos grupos parlamentares para acadar un plan consensuado de promoción do deporte feminino en Galiza?
- Cre a Xunta que ten feito o suficiente para garantir a igualdade real no deporte entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/02/2025 13:23:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrit**, sobre a reposición dun ascensor no IES San Paio de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES San Paio de Tui é un dos institutos máis antigos de Galiza, a súa fundación data de 1845, ao tempo que se inauguraban institutos de ensinanza medias en Santiago, Pontevedra e Ourense. Se ben é certo que foi mudando de ubicación, a partir de 1990 sitúase na súa localización actual, no edificio “O Castro”.

Este centro ten unha oferta educativa como IES dende 1º da ESO até 2º de Bacharelato, contando no curso 2024/2025 con 625 alumnas e alumnos. Conta ademais cunha sección propia da Escola Oficial de Idiomas de Vigo ofertando estudos en alemán, francés, inglés e portugués, e tendo matriculadas a preto de 400 alumnas e alumnos.

Salientable no centro tamén é o seu departamento de lingual portuguesa, cunha oferta de lingua portuguesa como 2ª lingua e incluso prestando docencia en portugués nalgúns materias, este fío é de vital importancia para o IES, sendo o primeiro de Galiza en crear este departamento, e dende o Bloque Nacionalista Galego xa denunciámos a intención, finalmente revertida, por parte da consellería de educación de suprimir este departamento.

Polo tanto este centro é un dos de maior dinamismo, non só do Concello de Tui, se non da propia Comarca do Baixo Miño, e así e todo ten problemas estruturais para os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cales o propio centro ten demandado solución, mais sen atopar unha resposta positiva por parte da consellería competente.

Problemas como pingueiras de xeito reiterado, asolagamentos de aulas, encerados con amianto (que finalmente foron retirados hai un ano), e un longo etcétera de problemáticas, denunciadas polo centro, e que en moitos casos non obteñen resposta por parte da Consellería de Educación.

Unha das problemáticas máis graves ocorrida nos últimos meses foi que o ascensor do centro deixou de funcionar en novembro de 2024, e o persoal técnico encargado da súa revisión certificou que xa non se pode reparar, se non que se debe instalar un novo.

O IES San Paio comunicou este feito á consellería mais, como de costume, recibiu unha ausencia absoluta de solucións, delegando a responsabilidade no propio centro e instándoo o xestionar esta situación, outorgándolle unhas competencias que son da propia consellería e para as que o centro non ten medios materiais de poder desenvolver.

Este feito agrávase xa que unha das profesoras do centro usa cadeira de rodas e, no entanto, ten restrinxida a súa mobilidade unicamente ao primeiro andar, sen poder acceder nin aos laboratorios nin a aula de informática. Tamén as alumnas e alumnos que, por calquera motivo, vexan reducida a súa mobilidade teñen que decidir entre usas as escaleiras, asumindo un risco, ou quedar restrinxidos ao primeiro andar.

Polo tanto, vese preciso que a Consellería de Educación asuma as súas responsabilidades e repaña o ascensor deste centro para garantir o dereito de calquera alumna, profesora ou usuaria do centro a poder se mover con liberdade e sen limitacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o Goberno Galego a situación do ascensor do IES San Paio de Tui?
- Pensa o Goberno Galego dotar a este centro dun novo ascensor?
- Ten analizado algún orzamento para este ascensor?
- Por que ante as demandas feitas por este centro respecto á reposición do ascensor o Goberno Galego non propuxo solucións?
- Cre o Goberno Galego que debe priorizar a instalación deste ascensor para facelo efectivo este ano lectivo?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/02/2025 16:14:32





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A alimentación é un dos piares básicos para a nosa supervivencia, e un dos aspectos máis relevantes no mantemento da nosa saúde.

Pero a alimentación tamén forma parte da nosa cultura, e ten outros impactos.

Para algunhas persoas, comer é un pracer, para outras case un castigo, pero tamén hai xente que a forma para comer non se axusta ás súas necesidades. É polo que son necesarias as figuras dos nutricionistas ou dietistas.

Algunhas veces confundimos a nutricionistas e dietistas, e non son profesionais idénticos nin fan as mesmas cousas.

No caso dos profesionais da nutrición, estamos a falar de persoas que se formaron en Nutrición e Dietética a nivel universitario ou ben se especializaron dentro da medicina en nutrición, e son especialistas en pautas alimentarias focalizadas nas necesidades dos pacientes.

Dito doutra forma, as persoas nutricionistas son imprescindibles para aquelas persoas que padecen algún tipo de enfermidade.

E sen querer entrar nunha explicación máis ampla o dietista é un profesional que se encarga do acto para comer, pero cunha formación máis limitada.





Pero quixen facer esta pequena descrición porque aínda que poden cumprir funcións parecidas nalgúns casos, só una das ramas se considera que é parte do Sistema Nacional de Saúde.

Estamos a falar do nutricionista, cuxa formación é máis especializada e permítelle facer fronte ao asesoramento e intervención en casos de patoloxía.

E son especialistas cada vez máis necesarios, ben por problemas de obesidade, ben por poboación máis envellecida e moitas máis circunstancias e enfermidades que se dan actualmente.

A Xunta de Galicia tiña un plan inicial para dotar de nutricionistas aos centros de saúde de Galicia, que comezou en decembro do ano 2022, e recentemente chegou ao seu fin.

Galicia contaba con 94 profesionais nutricionistas que traballaron nas diversas áreas sanitarias de Galicia, con todo o 28 de febreiro remata o plan e quedan só 45 nutricionistas.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a cubrir as prazas de nutricionistas necesarias para dar resposta ás necesidades que ten Galicia en todas as áreas sanitarias?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a manter, polo menos, as 94 persoas profesionais que estaban a traballar nas diferentes áreas sanitarias de Galicia ou desde ano 2022 ata finais de febreiro?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2025 17:21:42
Nº Rexistro: 20765
Data envío: 25/02/2025 17:21:42.003

Parlamento de Galicia, 24 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/02/2025 17:18:12

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2025 17:18:25

CSV: BGJRG-SFGSPMSZHRSP-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72594

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Dende o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

Con todo, con esta iniciativa, queremos pararnos no que sucede na atención hospitalaria, insistindo que non renunciemos para nada á atención de logopedas na Atención Primaria.

E detémonos na atención hospitalaria, porque a carencia de logopedas é tan grande que en moitas das nosas áreas sanitarias este servizo de logopedia, podemos dicir que é inaccesible a pesares de que forma parte da carteira de servizos do Sergas.

Isto sucede mentres nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a dislexia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizo de logopedia público cando realmente o necesita, ou estes non sexan axeitados.

Un exemplo claro son as persoas que viven máis apartadas das cidades que deben facer fronte a longos desprazamentos para ir a un logopeda porque o acceso á logopedia non está garantida en todo o territorio.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2025 17:25:21
Nº Rexistro: 20772
Data envío: 25/02/2025 17:25:21.176

Pero fai falta tamén analizar o que sucede nas diferentes áreas sanitarias de Galicia.

E se analizamos os cocientes de pacientes por logopeda nas diferentes áreas sanitarias, atopámonos con diferenzas que van desde os case 105.000 da área sanitaria de Ourense aos pouco máis de 27.000 da área sanitaria de Pontevedra.

Desde o Partido Socialista pensamos que é importante coñecer cal é o cociente de pacientes máis adecuado ben a nivel da CC.AA ou por área sanitaria e desta forma non só establecer cales son as necesidades reais, en atención hospitalaria, senón tamén as prioridades por área.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é o cociente de pacientes por logopeda adecuado por área sanitaria ou no global da CCAA?
2. Pode xeneralizarse un cociente para todas e cada unha das áreas sanitarias?

Parlamento de Galicia, 25 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 25/02/2025 17:08:08

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72596

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2025 17:25:21
Nº Rexistro: 20772
Data envío: 25/02/2025 17:25:21.176

Silvia Longueira Castro na data 25/02/2025 17:08:20

CSV: B0R0GSP6aRtAaZ0SP p-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72597

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 24 de xaneiro de 2025 o PP votou en contra no Congreso dos Deputados do Real decreto-lei 9/2024, coñecido como Decreto ómnibus ou de escudo social.

Como é sabido- mentres o PP buscaba excusas de mal pagador para xustificar o seu cambio de criterio- o Goberno de España decidiu impulsar un novo decreto para recuperar gran parte do escudo social. Así, o 12 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados validou por 315 votos a favor a Real decreto-lei 1/2025, que inclúe un paquete de medidas urxentes para reforzar a protección social.

Pero, hai medidas que se incluían no Real decreto lei 9/2024- ao que o PP votou NON- que quedaron fóra; en concreto, todas as medidas de índole fiscal, económico, industrial. E entre elas, quedaron fora para a anualidade 2025 as subvencións públicas ás empresas electrointensivas para compensar as emisións de CO₂. A negativa do PP en Madrid, prexudicará enormemente ás empresas asentadas no noso país como Alcoa na Mariña ou Megasa en Narón. Este programa de axudas vai dirixido a empresas de determinados sectores e subsectores industriais aos que se lles considera expostos a un risco significativo de "fuga de carbono". Trátase dunha decisión de enorme calado e un esforzo que se quere manter nos próximos anos coa que o Goberno de España quere seguir axudando á industria electrointensiva na transición enerxética, á vez que se asegura a súa competitividade, a produción e o emprego industrial en España, e en Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20786
Data envío: 25/02/2025 18:41:57.065

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Está de acordo o Goberno galego que se aproben as axudas públicas ás empresas electrointensivas en Galicia para compensar as emisións de CO₂ na anualidade 2025?

Santiago de Compostela, a 25 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/02/2025 18:39:39

Lara Méndez López na data 25/02/2025 18:39:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta deixe de ocultar o impacto real nas finanzas galegas da demora nas entregas a conta e informe das partidas das que vai detraer os recursos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o pasado 22 de xaneiro de 2025, o Congreso das e dos deputados celebraba un pleno extraordinario no foi derrogado con 177 votos en contra, 171 a favor e unha abstención o Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social.

Entre outras cuestións, esta situación levou á non aprobación do mecanismo previsto para habilitar as entregas a conta que o Estado adebeda ás comunidades autónomas e que o propio ministerio cifra en arredor de 700 millóns de euros para Galiza, cifra que aínda non concretou o goberno da Xunta.

Ante esta grave situación e ante o posible impacto deste bloqueo político nas finanzas galegas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha batería de iniciativas ao respecto. Porén, unha delas, centradas en demandar ao goberno galego transparencia e informar das medidas de cambios orzamentarios que impulsaría para asumir a baixada de financiamento, especificando as modificacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamentarias previstas, detallando a orixe dos recursos e aqueles gastos que se decida non executar e clarando se se incorre en préstamos ou mecanismos similares e a afectación á xestión da débeda, foi rexeitada.

Entre os argumentos, sinalábase que esta cuestión non afectaría. Esta cuestión non deixaba de ser sorprendente, toda vez que en información recente sobre o peche do exercicio económico de 2024 o goberno galego informaba de que o atraso das entregas do ano anterior repercutira nun incremento do gasto en xuros de 10 millóns de euros.

Sorprendentemente, esta cuestión que non ía ter impacto na saúde orzamentaria do goberno galego foi obxecto dunha nota de prensa do Consello da Xunta do pasado 24 de xaneiro na que se afirmaba que Galiza “deixa de ingresar 127 m€ cada mes pola inacción do goberno central na actualización das entregas a conta”, reafirmouse en que “atraso destas entregas o ano pasado provocou tensións de liquidez na Tesourería da Comunidade galega ás que se tivo que facer fronte con créditos que xeraron custes financeiros de máis de 10 millóns de euros” e avanzou na previsión de que de continuar así a situación “podería supoñer 14 millóns de euros máis en gastos financeiros ao final de ano” polo que a Xunta pediría “a compensación dos custes financeiros nos que se incorre”. Así mesmo, no Pleno do Parlamento Galego do día 25 de febreiro o conselleiro Corgos indicou que o incremento do gasto podería ser de 1,5 millóns ao mes e reafirmouse na petición que iría trasladar ao goberno central ao día seguinte no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Toda esta cuestión coincide no tempo coa escenificación por parte da Xunta de Galiza do maior exercicio de pleitesía á dirección de Madrid en materia económica que se recorda, ao negarse a negociar unha quita da débeda para Galiza con desculpas cada vez máis incoherentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que a falta dunha saída para as entregas á conta é un problema para Galiza, un problema que pon en evidencia a falta de autogoberno económico e financeiro real e a debilidade dun modelo que se basea nunha recadación e reparto absolutamente centralistas e é preciso aclarar como se vai enfrontar esta situación.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Asume a Xunta de Galiza de que o problema das entregas a conta ocorre como consecuencia de non ter o noso país unha relación económica co Estado baseada na autorresponsabilidade fiscal e no exercicio do noso papel de nación?

Cal é o resultado da petición do goberno galego de que o Estado asuma o incremento de xuros consecuencia desta demora?

Que medidas de cambios orzamentarios que vai impulsar o goberno galego para asumir as consecuencias da derogación do Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro?

Vai negociar bilateralmente unha saída?

Considera comparable o posible impacto do incremento de entre 15 e 20 millóns de euros a maiores en xuros co impacto de máis de catro mil millóns de euros de endebedamento?

Parécelle ao goberno galego máis grave economicamente asumir o incremento de xuros que xestionar os xuros dunha débeda de máis de doce mil millóns de euros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parécelle comparable o posible sobrecusto en termos de xuros que pode afectar Galiza no 2025 co custo do conxunto de pasivos e activos financeiros no orzamento galego para este mesmo ano?

De onde vai detraer o goberno galego os recursos que teña que destinar a un posible incremento de xuros?

Como vai afectar esta situación á xestión e reestruturación da débeda galega?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2025 10:59:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da OU-121 e os continuos desprendementos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OU-121, é unha estrada da Rede Secundaria da Xunta de Galiza que une as localidades do Barco de Valdeorras e Prada no concello da Veiga; atravesa os concellos do Barco de Valdeorras e A Veiga. Ten un longo de 26,18 Km e iníciase nun cruzamento coa N-525 no Barco de Valdeorras e finaliza nun cruzamento coa OU-856 en Prada (A Veiga).

A estrada OU-121, titularidade da Xunta de Galiza, comunica dende Viloiro no Barco de Valdeorras a Prada no concello da Veiga. Estamos nunha estrada duns 26 km que comunica esta zona da montaña no oriente ourensán servindo como nexo de unión ao centro comarcal do Barco de Valdeorras, onde están a maioría dos centros administrativos e de servizos comezando polo hospital. Comunica un bo numero de núcleos ao longo do seu percorrido e por suposto a todo o concello da Veiga co Barco de Valdeorras

Esta sinuosa estrada de montaña estreita e con numerosas curvas causa problemas a circulación dos vehículos que por ela transitan. Este problema sófreno con moita máis intensidade as persoas que residen nestas zonas. As mulleres e homes, en definitiva todos os residentes desta zona teñen que pasar asiduamente por esta estrada para comunicarse co Barco. Teñen esta vía como estrada de unión e de servizo para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poder acudir ao médico, ao hospital ou calquera servizo administrativo e tamén ao traballo, aos centros de ensino, tamén para ocio ou calquera cuestión que consideren necesaria para a seus quefaceres diarios

Esta estrada que depende da Xunta de Galiza, ten nos últimos tempos un problema engadido que son os continuos desprendementos que se producen na parte inicial do seu trazado saíndo dende Viloira. Estes desprendementos de pedras e de inxentes cantidades de terra e cascallo trouxeron como consecuencia o peche ao tráfico da estrada nalgúns casos e por suposto un perigo importante para os usuarios da vía.

Para o BNG non é de recibo, que as veciñas e veciños destes núcleos afectados directamente e toda a poboación que poda usar esta vía de comunicación pública, teñan que sufrir unha estrada nestas condicións.

No Bloque Nacionalista Galego non entendemos que se siga cortando esta vía, a última foi no pasado mes de xaneiro, por desprendementos. Parécenos sumamente grave que a única actuación sexa cortar a estrada ao tráfico, sin solucionar o problema da estrada; uns cortes que na maioría dos casos nin se anuncian e so o coñeces cando chegas. Normalmente cando se produce o peche a alternativa son pistas intransitábeis e perigosas para a circulación viaria

A Xunta de Galiza como responsábel da estrada parece que non arbitra unha solución a este tema tan preocupante para a veciñanza, sobre todo dos núcleos de Soulecín, Santigoso e Cesures

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é valoración da Xunta de Galiza respecto ao mal estado da OU-121, cada vez máis perigoso e inseguro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. É consciente a Xunta de Galiza do problema existente cos desprendementos nesta vía?

3. É consciente a Xunta de Galiza do problema de seguridade para os vehículos dos usuarios desta vía?

4. Ten a Xunta de Galiza en conta o perigo para a a circulación e por conseguinte para a vida dos usuarios a estrada OU-121 no tramo no que hai desprendementos?

5. Vai arbitrar algunha partida orzamentaria para solucionar os problemas da vía?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 26/02/2025 12:05:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o GES de Moraña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2020, a Comisión de Seguimento dos GES acordou crear un GES en Moraña para dar cobertura á comarca do Ulla-Umia. Esta decisión tomouse logo do desmantelamento do GES de Valga (polos conflitos laborais e a renuncia deste Concello), e levou a unha reestruturación territorial da cobertura dos grupos con base en Padrón, A Estrada e entre o Ulla e o Umia.

Segundo o Director Xeral de Emerxencias, a nova ubicación ía supoñer “unha mellora na atención, non só nos concellos nos que anteriormente se prestaba senón na totalidade da zona”. Cos cambios anunciados en 2020, o GES de Moraña (Ulla-Umia) daríalle cobertura aos concellos de Morña, Campo Lameiro, Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Catoira e Barro.

No mes de novembro de 2021 anunciouse a convocatoria das 12 prazas e posteriormente fíxose pública a listaxe de 21 persoas que superaron o segundo exercicio do proceso selectivo. Mais a día de hoxe, transcorridos mais de tres anos aínda non se puxo en marcha o GES de Moraña.

No mes de xuño de 2022 a Xunta fixo entrega ao inexistente GES de Moraña dun vehículo Bomba Urbana Lixeira (BUL) valorado en 150.000 euros, que leva todo este tempo nunha nave e non se coñece que fose utilizado. O cal constitúe un exercicio de propaganda e un dispendio de fondos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia todos os anuncios e investimentos, a realidade é que a estas alturas o GES de Moraña aínda non está en funcionamento, polo que existe unha clara responsabilidade na desprotección do territorio e das persoas dos concellos aos que daría cobertura este grupo de emerxencias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que razón aínda non está creado o GES de Moraña?

Que consecuencias ten para a seguridade cidadá e para a protección da poboación o desmantelamento do GES de Valga e o retraso na creación do GES de Moraña?

Que criterios seguiu a Xunta para a dotación de equipamento ao GES de Moraña e cal foi o uso que se lle deu ao vehículo valorado en 150.000 euros do que fixo entrega a Moraña?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/02/2025 12:25:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lama, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á praga de moscas que afecta a unha parte do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha praga de moscas refírese á proliferación descontrolada destes insectos nunha determinada área, superando os niveis habituais e converténdose nunha molestia severa para a poboación. Esta situación xera problemas de hixiene, afecta a saúde pública e altera a vida diaria das persoas, especialmente en zonas onde a acumulación de materia orgánica favorece a súa reprodución masiva. A elevada presenza de moscas pode dificultar a actividade económica, afectar o benestar psicolóxico da cidadanía e converterse nunha ameaza para a calidade de vida.

As parroquias de Carregal e Forcadela, no concello de Tomiño, levan varios anos sufrindo unha persistente e intensa praga de moscas que afecta gravemente a calidade de vida das súas veciñas e veciños. Esta situación, que se repite anualmente e se intensifica especialmente nos meses de primavera e verán, xera un ambiente insalubre e incómodo para a poboación local. A presenza masiva destes insectos non só altera as actividades cotiás dos habitantes, senón que tamén ten repercusións negativas na economía local, obrigando a moitos establecementos hostaleiros e comercios a reducir ou mesmo deter a súa actividade debido á imposibilidade de manter condicións hixiénicas axeitadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lonxe de ser un problema illado, esta situación afecta a máis dunha vintena de municipios en toda Galiza, entre eles Narón, Poio ou Ponteareas. O incremento descontrolado da poboación de moscas está a converterse nunha verdadeira problemática de saúde pública e benestar social, superando os límites municipais e esixindo unha resposta global e coordinada. Aínda que, ata o momento, non se confirmou que estas moscas transmitan enfermidades, a súa proliferación masiva deteriora a calidade de vida da veciñanza, afecta o benestar psicolóxico e obriga a moitas persoas a modificar drasticamente as súas rutinas diarias. Algúns veciños mesmo consideran abandonar as súas vivendas ante a imposibilidade de controlar a infestación.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) xa alertou en múltiples ocasións sobre a gravidade da situación, instando á Xunta de Galiza a actuar de maneira decidida e efectiva. En maio de 2024, a FEGAMP solicitou á administración autonómica a posta en marcha dun plan de intervención urxente, similar ao establecido para o control da vespa velutina. Porén, a resposta da Xunta foi, ata o momento, insuficiente e sen unha planificación clara que permita atallar o problema de raíz. A falta de compromiso e inacción do goberno galego ante unha crise desta magnitude evidencia unha desatención inaceptable cara ás necesidades e demandas das comunidades afectadas.

A Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de sanidade, medio ambiente e desenvolvemento rural, ten a responsabilidade directa de adoptar medidas eficaces para controlar e erradicar esta praga. É imprescindible que a administración autonómica asuma as súas obrigas e non delegue un problema desta magnitude unicamente nos concellos.

É urxente que a administración autonómica cumpra coas súas obrigas e adopte solucións reais e efectivas que garantan o dereito da poboación a vivir nun ambiente saudable e digno.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para combater de maneira efectiva a praga de moscas que afecta aos concellos de Tomiño e outros municipios galegos?
2. Por que razóns a Xunta non ten actuado con anterioridade, a pesar das reiteradas solicitudes de intervención por parte dos concellos afectados e da FEGAMP?
3. Existe algún plan de coordinación entre a Xunta e os concellos afectados para abordar esta problemática de maneira conxunta e eficiente?
4. Que recursos económicos e técnicos está disposto a destinar o goberno autonómico para solucionar esta situación que leva anos afectando a calidade de vida da cidadanía?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 26/02/2025 12:56:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre un plan de igualdade no emprego industrial

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das grandes carencias da Xunta de Galiza nos últimos anos de goberno do Partido Popular ven sendo a falta dunha política industrial clara e decidida, que afortalece este sector no noso país.

Desde o BNG vimos demandando o impulso dunha política industrial activa que concretamos por sectores en diferentes propostas e iniciativas, que precisan en todos os casos da interlocución cos diferentes axentes representativos neses ámbitos. En todos os casos a nosa preocupación e as nosas propostas teñen dous obxectivos claros: a implantación e consolidación de novas actividades industriais e do emprego a elas vinculadas. Con especial énfase naquelas actividades de maior compoñente tecnolóxica e valor engadido, que poden xerar emprego de maior calidade.

No actual contexto de asignación de recursos públicos para impulsar a reactivación económica a problemática específica da igualdade debería estar moi presente en todas as áreas de goberno, pois pode representar a mellor ocasión para salvar unha das principais e máis constantes dificultades a nivel de emprego, como é o acceso e a promoción profesional da muller ao sector industrial en igualdade de oportunidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o período de 2009 até o 2024 (últimos datos dispoñibles do terceiro trimestre do pasado ano) destruíronse no sector industrial máis de 12.400 empregos. Afectando enormemente ás mulleres.

Porque cando se comparan os datos extraídos da Axencia Tributaria de emprego feminino na rama industrial en Galiza e a remuneración salarial con respecto aos homes constátase o seguinte:

- Con respecto ao **emprego** os últimos datos reflicten unha ocupación de 91.067 homes fronte a 41.292 mulleres.
- Cando se comparan os **salarios medios anuais** atópase un SMA de 26.359 € no caso dos traballadores fronte a 20.280 € no caso das traballadoras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten o goberno galego algunha iniciativa específica que promova a igualdade no ámbito industrial e teña avaliado os seus resultados?
- Ten en conta o goberno galego as medidas a favor da igualdade como criterio para concorrer e adxudicar fondos destinados á reactivación, consolidación económica e produtiva das empresas do sector industrial?
- Ten coñecemento o goberno galego do grao de implantación, cumprimento ou eficacia dos plans de igualdade empresariais no sector industrial?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/02/2025 13:32:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás queixas sobre o Punto de Encontro Familiar de Ourense e o correcto e suficiente atendimento das vítimas e situacións de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Ourense conta cun Punto de Encontro familiar (PEF) situado na rúa Celso Emilio Ferreiro que arrastra recorrentes queixas por distintas razóns. Por unha banda, pola acumulación de casos por ser ata o momento a única referencia para esa parte do país, o que supón para moitas crianzas desprazamentos de horas para poder realizar as visitas e unha maior dificultade organizativa. Por outra banda, polas propias condicións das súas instalacións, xa que no 2013 a Xunta de Galiza trasladou as súas instalacións á Casa da Xuventude. Esta situación, obviamente, implica enormes dificultades para garantir o dereito á privacidade, mais tamén para o desenvolvemento da actividade pola limitación do espazo.

Recentemente, queixas trasladadas ás organizacións feministas locais volven poñer enriba da mesa a necesidade dunha nova ubicación, necesidade que avalan as queixas recibidas pola Valedora do Pobo nos últimos anos. Esta situación, ademais, incrementa a preocupación ante os cambios de empresa e xestión derivados da Resolución do 18 de outubro de 2024, pola que se publica a selección de entidade privada sen ánimo de lucro no procedemento de asignación de concerto social para a execución do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar da Coruña e Ourense nos que a de Ourense se adxudicou a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante as preguntas deste grupo parlamentario sobre este asunto a Xunta deu unha insuficiente resposta aducindo que “Respecto da situación do Punto de Encontro Familiar da cidade de Ourense, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia aprobou en 2020 a ampliación dos horarios de todos os puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, ao pasar de catro aos sete días da semana. Isto permitiu reducir o número de expedientes en agarda en todos os puntos de encontro, facilitando o acceso das familias a este recurso unha vez que se produce a derivación do xulgado correspondente.” Porén hai queixas posteriores a esta data e a Xunta non responde outras cuestións solicitadas.

É preciso ter en conta que dentro das distintas circunstancias que deben enfrontar estes Puntos de Encontro, cabe sinalar a importancia de abordar situacións nas que non só hai conflitividade, senón que se debe que ter en conta o risco de existencia de situacións de violencia machista, denunciadas ou non, que requiren da máxima prevención, observación, atención e intervención. Máis aínda, tendo en conta que malia as recomendacións de colectivos feministas, do propio Observatorio contra a Violencia de Xénero do Consello do Poder Xudicial e as recomendacións do propio Pacto de Estado, as visitas e encontros, por distintas casuísticas, de maltratadores cos seus fillos continúan dándose.

Hai que recordar que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Acorde a isto, o propio Decreto 96/2014 contempla entre os seu obxectivos o de “*Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia*” e “*Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007*”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Acorde a estas obrigas, é evidente que a localización das instalacións do Punto de Encontro Familiar non é adecuada porque non garanten a privacidade e a seguridade de forma suficiente, tal e como xa ten demandado o feminismo ourensán en múltiples ocasións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai impulsar o goberno galego unha nova localización para o Punto de Encontro Familiar de Ourense para garantir unha mellor atención e singularmente a prevención de situacións de violencia machista?

Que valoración fai o goberno galego dos espazos existentes?

E da dotación de recursos humanos á hora de evitar a revitimización e de intervir adecuadamente en casos sospeitosos de violencia de xénero?

Que valoración fai o goberno galego dos espazos existentes para garantir dereito de confidencialidade?

Que xustificación aduce o goberno galego ante as queixas trasladadas á Valedora respecto da falta de espazo para dar cumprimento aos dereitos de crianzas e familia e posteriores a 2020?

Cantos casos semellantes se deron

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada e do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2025 13:46:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desempeño do *Programa Rehaluga*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política en materia mobilización de vivenda baleira da Xunta de Galiza é un auténtico fracaso. Durante a última década o goberno galego vén anunciando sucesivos programas cuxos resultados foron practicamente nulos.

Primeiro foi o Programa de vivenda baleira que apenas logrou mobilizar 30 vivendas en 4 anos. No mesmo ano tamén se puxo en marcha un Censo de vivenda baleira cuxa fiabilidade e utilidade é practicamente nula. Tamén a posta en marcha dunha páxina web para vender aldeas do rural baixo o título Núcleos rurais en estado de abandono que apenas rexistra 5 anuncios dende hai 4 anos sen ningunha incidencia social. O último programa posto en marcha coa denominación Vivendas Vivas apenas logrou en 3 anos mobilizar 36 vivendas.

Ademais a Xunta de Galiza anunciou, de forma complementaria, un programa de axudas á rehabilitación desas vivendas baleiras mobilizadas baixo a denominación Rehaluga. Igual que nos casos anteriores os datos de execución deste programa evidencian a incapacidade do goberno galego de promover medidas realmente eficaces para atallar o problema do aumento da vivenda baleira no noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na convocatoria do *Programa Rehaluga* establécese a posibilidade de outorgar até 8.000€ de subvención por cada unha das vivendas que se acollan a este programa. Porén no ano 2018 o total da subvención outorgada non alcanzou nin os 7.000€, na convocatoria de 2019 concedéronse apenas 3 axudas e no ano 2020 se outorgaron 6.907€. Estes baixos resultados non parecen que fosen un resultado inesperado por parte do goberno pois o crédito orzamentado na convocatoria de, por exemplo, o ano 2020 era de apenas 20.000€. Logo, no ano 2021 directamente deixaron de realizar novas convocatorias, xa que durante un tempo non existiu ningún programa de vivenda baleira que complementar.

No ano 2023 volveu convocarse este *Programa Rehaluga* en paralelo á posta en marcha dun novo programa de mobilización de vivendas para o alugueiro. Mais a pesar de que este último prevía mobilizar entre 250 e 300 vivendas baleiras o resultado final das axudas á rehabilitación foi a concesión de apenas 29 axudas por un importe de 199.030€, o que representa un 66% do orzamento previsto.

No ano 2024 volveu realizarse a convocatoria con carácter plurianual onde volven reducirse as expectativas de investimento do goberno ao reservar apenas 91.000€ para a anualidade de 2024 e 105.000€ para a anualidade de 2025.

Á vista de que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 4 de novembro de 2024, dende o Bloque Nacionalista Galego cremos necesaria unha rendición de contas por parte do goberno e unha reflexión por parte do executivo sobre os obxectivos incumpridos e das medidas que deben impulsar para unha política real e eficaz en materia de mobilización de vivenda baleira.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas solicitudes se realizaron na convocatoria de 2024 das subvencións do *Programa Rehaluga*?
- Cantas solicitudes foron xa aceptadas?
- Cantas solicitudes foron pagadas?
- Cal é o importe total de obrigas recoñecidas?
- Cal é o importe total de pagos realizados?
- Como valora a Xunta de Galiza os resultados obtidos ao abeiro deste programa?
- Como valora a Xunta o desempeño deste programa?
- Vai o goberno realizar cambios neste programa?
- Que novas medidas vai tomar para abordar o problema da vivenda baleira?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 26/02/2025 16:11:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación e futuro do Mosteiro de San Clodio en Leiro cedido á Xunta e inscrito a nome da Comunidade Autónoma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de marzo vence a concesión do Mosteiro de San Clodio e o goberno do Partido Popular segue sen clarificar o seu futuro nin intervir ante o escándalo continuado da súa xestión, como amosa que nestes momentos estea pechado ao público furtando á comarca un servizo e furtando á cidadanía o desfrute deste monumento excepcional nun claro caso de desatención das súas competencias e de favoritismo selectivo cara unha empresa.

Cómpre recordar que este Mosteiro e a súa ponte medieval, situados no concello de Leiro, conforman un conxunto artístico excepcional que ten mostras de románico e barroco. Trátase dun conxunto de incalculable valor cultural, patrimonial e social que debe ser protexido e valorizado.

Repasando a historia deste conxunto, foi xa declarado monumento histórico-artístico por Real Decreto do 8 de maio de 1981. Sendo dita declaración anterior á entrada en vigor de la Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza, concretouse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posteriormente a delimitación da súa contorna de protección a través do Decreto 24/2001, do 25 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galiza do 06 de febreiro de 2001, sendo Ben de Interese Cultural.

Posteriormente, a finais dos anos 90 a Comunidade Benedictina de Samos acordou a cesión do dereito real de uso, a título gratuito e por tempo indefinido, á Xunta de Galiza do mosteiro de San Clodio e os terreos que o circundan. Esta cesión, aceptada pola Xunta de Galiza mediante o Decreto 327/1999, do 3 de decembro e publicada no DOG 23 de decembro de 1999 tiña como obxecto “a instalación de diversos servizos dependentes da Xunta” e facíase en virtude dun convenio de cooperación e colaboración subscrito entre Xunta, Bispado de Ourense, Comunidade Benedictina de Samos e Concello de Leiro, con data do 14 de decembro de 1994, e addendas asinadas os días 8 de novembro de 1998 e 23 de agosto de 1999. A partir de aí, a Xunta impulsou diferentes concursos públicos para a contratación de subministracións para dito Mosteiro. Finalmente, foi inaugurado como Hotel Monumento no ano 2000 pola empresa Eurostars Hotels (Hotusa S.L.). Con posterioridade a esta data, hai que sinalar que tamén houbo diversos investimentos públicos.

Como xa ten denunciado este Grupo Parlamentar reiteradamente, a realidade é que a día de hoxe, malia a importancia deste enclave e malia o orzamento público investido, son recorrentes as denuncias por parte da veciñanza da comarca de longos períodos de peche das instalacións hoteleiras, co conseguinte prexuízo na accesibilidade aos espazos por parte da cidadanía e co conseguinte prexuízo á hora de perder un activo para a dinamización cultural e económico-turística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza e o Concello de Leiro non se teñen responsabilizado de fiscalizar e solucionar esta situación e a concesión impulsada por Fraga ten unha previsión de vinte e cinco anos que rematarían no 2025 e que é prorrogable, por períodos de 5 anos, ata cincuenta anos. É evidente que este modelo non é o adecuado e que hai que iniciar unha profunda auditoría dos seus resultados e impulsar a súa reconsideración en tempo e forma.

É necesario, polo tanto, evitar que a inacción de Concello e Xunta deriven nunha prolongación desta situación e é preciso abordar a situación e futuro do Mosteiro de San Clodio en Leiro cedido á Xunta e inscrito a nome da Comunidade Autónoma

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está o goberno galego desatendendo a súa obriga de fiscalización para favorecer unha prórroga da concesión malia os incumprimentos constantes da empresa que xestiona o Hotel Monumento de Leiro?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego ante o remate da concesión hoteleira do Monumento de San Clodio, cedido a título gratuito á administración galega, en marzo de 2025?

Que valoración fai o goberno galego do uso e xestión das instalacións por parte da empresa hoteleira? Que mecanismos emprega para facer seguimento?

Recibiu queixas ou suxestións por parte do Concello de Leiro sobre esta cuestión? De que tipo e contido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mantivo o goberno galego reunións coa empresa hoteleira para resolver os problemas derivados da súa falta de apertura?

Considera o goberno galego que fai un bo uso dos recursos económicos da Comunidade con esta concesión?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2025 16:30:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/02/2025 16:31:00

Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2025 16:31:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Brais Ruanova Vilas-Boas, Secundino Fernández Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a expansión vitícola.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión descontrolada dos viñedos cara aos núcleos de poboación en Tomiño e noutras zonas vitivinícolas de Galiza está a xerar unha problemática que require unha intervención urxente por parte da Xunta. A proximidade destas explotacións agrícolas ás vivendas está a dificultar a convivencia, xerando molestias derivadas do uso de produtos fitosanitarios, da proliferación de pragas e da propia ocupación do espazo. Isto pode ter repercusións tanto na calidade de vida da cidadanía como na conservación do medio ambiente.

A viticultura é un sector fundamental na economía galega, xerando emprego e riqueza en moitas comarcas do país. Non obstante, o seu crecemento debe facerse de forma ordenada e respectando os dereitos das comunidades locais. A falta dunha regulación clara que delimite adecuadamente as áreas de cultivo e os espazos residenciais está a provocar unha situación de conflito que pon en risco tanto a actividade produtiva como o benestar da poboación. Esta problemática non se pode abordar desde unha óptica exclusivamente municipal, xa que afecta a múltiples concellos e require dunha planificación global que garanta unha convivencia harmoniosa entre os sectores produtivos e a cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza, como administración con competencias en ordenación do territorio, medio rural e protección ambiental, ten a responsabilidade de establecer as medidas necesarias para asegurar un equilibrio entre o desenvolvemento da viticultura e os dereitos das persoas residentes nos municipios afectados. Urxe a posta en marcha dunha estratexia coordinada que, sen prexudicar aos viticultores nin impoñerlles cargas económicas inasumibles, regule a expansión dos viñedos garantindo a protección dos espazos residenciais e dos ecosistemas naturais.

En definitiva, é necesario que a Xunta adopte medidas co obxectivo de compatibilizar a actividade vitivinícola co dereito da cidadanía a un ambiente saudable e unha convivencia equilibrada.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para regular a expansión dos viñedos e garantir que se respecten distancias mínimas con respecto ás vivendas e cursos fluviais?
2. Existe algún plan da Xunta para modificar a normativa agraria e de ordenación territorial co fin de evitar a invasión de núcleos de poboación por viñedos e outras explotacións agrícolas?
3. Vai a Xunta implementar axudas para que os viticultores poidan adaptar as súas explotacións sen asumir custos inasumibles, ao tempo que se garante unha planificación ordenada do territorio?
4. Que medidas de inspección e control está a aplicar a Xunta para evitar a proliferación de viñedos en zonas non aptas ou demasiado próximas ás vivendas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Considera a Xunta que a situación actual en concellos como Tomiño vitícolas de Galiza cumpre os criterios dunha planificación ordenada e sustentable do territorio?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Secundino Fernández Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas
Ariadna Fernández González
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 26/02/2025 17:34:27

Secundino Fernández Fernández na data 26/02/2025 17:34:42

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/02/2025 17:34:51

Ariadna Fernández González na data 26/02/2025 17:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a crise do sector da automoción na comarca de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1977 iniciaba a súa actividade no polígono industrial de San Cibrao das Viñas unha factoría da antiga Citroën, que escollía a comarca de Ourense para instalar unha fábrica que tiña como finalidade subministrar á industria principal de Vigo.

Gañaba corpo no noso país o sector da automoción. Un sector e unha empresa sempre na vangarda dos sistemas de organización da produción, e que a finais dos 80, motivada pola transformación continua deses sistemas produtivos, decidiu reducir plantas propias e subcontratar a terceiros.

Esta decisión implicou a recolocación en 1988 de 100 traballadores e traballadoras nunha empresa de nova creación, Sommer Allibert, situada nos mesmos terreos que foron cedidos por Citroën, e o máis importante, implicaba a pretensión en 1989 de pechar a propia fábrica de Citroën en San Cibrao.

A contestación e a mobilización social provocadas por esta primeira crise do sector da automoción na comarca de Ourense deu lugar a un acordo sindical que implicou o traslado de 300 traballadores e traballadoras a Vigo, e a recolocación dos restantes (ao redor de 200) nunha nova fábrica, Labauto, tamén instalada en terreos de Citroën.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este non sería a última crise do sector na comarca de Ourense. No ano 2005 tamén pechou Labauto, denominada naquela altura Valeo.

A empresa Faurecia, hoxe Forvia, que representa o que queda da presenza de Citroën na comarca de Ourense, reduciu nos últimos dous anos 75 empregos, e ven de anunciar a súa intención de desfacerse de 25 persoas máis.

Esta noticia prodúcese nun contexto de gran transformación do sector da automoción a nivel mundial, con especial impacto en Europa e no noso país. De feito as noticias sobre adxudicacións de novos modelos de STELLANTIS á factoría de Vigo, da que depende en gran medida o sector ourensán, non son as desexadas, de igual xeito que os cambios na política de subcontratación da empresa principal están a fomentar a deslocalización de capacidade produtiva desde o noso país a terceiros países.

Outras empresas senlleiras do sector da automoción na comarca de Ourense, que tamén están a sufrir o impacto desta nova vaga de deslocalizacións son as dedicadas á fabricación de moldes, como Hispamoldes ou Indea Auriense.

A redución dos cadros de persoal, e un futuro incerto, sen garantías de adxudicacións, son a día de hoxe o denominador común a todas as empresas do sector na comarca de Ourense.

Salienta neste sentido a inacción e o silencio absoluto da Xunta de Galiza respecto da crise e das mudanzas neste sector estratéxico para o noso país e para a comarca de Ourense.

Un goberno que destaca entre todos os gobernos de países moi dependentes do sector da automoción por non ter amosado nin a máis mínima preocupación por conseguir para o noso país a instalación dunha fábrica de baterías para vehículos eléctricos, nun contexto de continuos anuncios a favor de outros territorios, como o investimento de STELLANTIS en Zaragoza para instalar a súa fábrica ibérica, ou da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

china CALB en Sines, Portugal, un país que ven sendo destino reiterado da deslocalización de centros de traballo galegos.

Ou por non ter a máis mínima iniciativa para conseguir alternativas que reduzan a nosa dependencia dun único gran fabricante. Un goberno, en resumo, que carece dun plan estratéxico para o sector, mentres nos últimos 15 anos de gobernos do Partido Popular se destruíron case 40.000 empregos no sector industrial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como estima a Xunta de Galiza que a transición enerxética na mobilidade vai afectar ao sector da automoción galego e ourensán en particular?
2. Que cambios haberá no tecido produtivo? Cal será o seu impacto en termos de emprego?
3. Como valora a Xunta de Galiza o anuncio de STELLANTIS de situar a súa fábrica ibérica de baterías en Zaragoza?
4. Como valora o anuncio da china CALPB de instalar unha fábrica de baterías en Sines?
5. Por que a Xunta de Galiza renuncia a instalar no noso país unha fábrica de baterías?
6. Por que a Xunta de Galiza renuncia a constituír unha Mesa galega da automoción que elabore e impulse un plan estratéxico para o sector?
7. Cal é o plan da Xunta de Galiza para manter a actividade e o emprego do sector da automoción na comarca de Ourense? Quen elaborou ese plan? Que actuacións realiza para materializar ese plan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/02/2025 10:15:11





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Dende a Xunta de Galicia publícase a Orde do 19 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a concellos e mancomunidades para a adquisición de vehículos que faciliten a prestación de servizos destinados a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade.

O Concello de O Vicedo concorreu a esta convocatoria e foi un dos beneficiarios. O 22/03/2024 aprobaba en Xunta de Goberno o expediente de contratación da subministración dun vehículo para a prestación de servizos sociais destinados a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade.

A pesar que o uso do vehículo esta ben definido na propia orde a realidade é ben distinta, o uso que se lle esta dando por parte do concello non é o que recolle a orde. Ante isto, o Partido Socialista no Concello de O Vicedo ten preguntado en distintos plenos, ata en catro ocasións, polo uso que se lle estaba dando.

E o problema esta na resposta que dá o alcalde, que son tipo:

“O vehículo vaise utilizar para calquera servizo municipal, sen prexuízo de que estivera adscrito a Servizos Sociais”

Reiterándose nesta resposta en distintas ocasións.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 10:35:39
Nº Rexistro: 20895
Data envío: 27/02/2025 10:35:39.074

Por elo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

1. Ten coñecemento a Xunta da Galicia do uso que se lle esta a dar a este vehículo que está financiado con fondos de recuperación e que ten unha finalidade no uso?
2. Que medidas vai a levar a cabo para evitar o que esta a acontecer no Concello de O Vicedo?

Santiago de Compostela, a 26 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 27/02/2025 10:28:42

Paloma Castro Rey na data 27/02/2025 10:29:36

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2025 10:30:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lama, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á declaración da Limia como Zona Vulnerable a Nitratos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A declaración da Limia como Zona Vulnerable a Nitratos podería ser unha consecuencia grave da falta de acción por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza en relación á política agraria e ambiental. Nos últimos anos, as advertencias sobre a importancia de xestionar de forma sostible os residuos gandeiros e reducir a contaminación dos acuíferos foron ignoradas. Agora, a Xunta atópase na obriga de atender unha directriz da Unión Europea, unha situación que podería ter sido anticipada e mitigada cunha planificación adecuada e medidas progresivas. Esta situación xerou incerteza e preocupación entre as agricultoras e agricultores da Limia.

Recentemente, a Xunta mantivo reunións con alcaldes e algúns agricultores para abordar esta declaración, e, a pesar de que desde hai anos existe un Plan Estratéxico da Limia, elaborado pola Fundación Juana de Vega en colaboración con gandeiros e agricultores, a Xunta apenas implementou medidas efectivas. As súas respostas limitáronse a accións illadas, como un novo sistema de regadío ou a limpeza de canles, sen abordar o problema estrutural da xestión dos residuos agrogandeiros.

O Plan Estratéxico suxire varias solucións viables, que inclúen:

- A optimización da xestión de fertilizantes e xurros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A promoción da rotación de cultivos e boas prácticas agrarias.
- A creación de infraestruturas de tratamento de residuos gandeiros.
- O establecemento de sistemas de monitorización ambiental.

A falta de vontade política e a improvisación do PP deixaron o sector nunha posición vulnerábel ante unha declaración que podería ter sido evitada ou, polo menos, minimizada. É relevante mencionar que a Xunta foi informada sobre a creación dunha comisión especial da Unión Europea para Galiza, que supervisará as accións que se emprendan. Isto implica que, se non se implementan medidas adecuadas, poderían impoñerse restricións máis severas que poñan en perigo a viabilidade das explotacións gandeiras. Así, o informou a propia Consellería nas diferentes reunións.

Diante desta situación o goberno galego debe actuar con responsabilidade e, en lugar de cargar as consecuencias sobre as agricultoras e gandeiras, debe asumir o seu fracaso e desenvolver un plan de actuación serio, baseado no Plan Estratéxico da Limia e co compromiso do sector.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galiza non puxo en marcha con anterioridade medidas preventivas para evitar a declaración da Limia como Zona Vulnerable a Nitratos?
2. Que estudos de impacto ten realizados a Xunta sobre as repercusións económicas desta declaración para as explotacións agrarias da Limia?
3. Que medidas concretas ten previstas a Xunta para garantir que as explotacións afectadas poidan seguir sendo viables economicamente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Como xustifica o goberno galego que só se centrasen na limpeza de canles e no novo regadío cando o Plan Estratéxico da Limia xa propoñía medidas máis amplas e efectivas?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 27/02/2025 10:40:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á dragaxe río Lérez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dragaxe da canle e da desembocadura do río Lérez xa se converteu na máis antiga promesa incumprida dos gobernos do PP, con máis de 20 anos de anuncios que non chegaron a bo porto.

Logo de anuncios que se remontan a comezos do presente século, no 2011 Portos iniciou en 2011 a tramitación dunha proposta para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto era de máis de 3 millóns de euros.

Logo de anos de parálise nas que caducaron diferentes estudos realizados, a finais do ano 2016 o Presidente de Portos reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel autonómico informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandaban a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, a consellaría do Mar seguiu defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotaron a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa.

En febreiro de 2023 o presidente da Xunta e a conselleira de economía visitaron o Clube Naval e o presidente da Xunta puxo escusas para xustificar a paralización do proxecto.

En maio de 2024, en resposta a preguntas do BNG, o presidente de Portos volveu xustificarse con escusas e evasivas o adiamento do proxecto, supeditado a unha suposta proposta técnica que se estaba a negociar entre a Xunta e o goberno central.

No mes de outubro de 2024 o presidente de Portos reuniuse en Lourizán con confrarías da ría. Nesta xuntanza volveu supeditar a obra á autorización dun punto de vertido e anunciou unha partida de 3 millóns de euros para as obras de dragaxe do río Lérez e a canle de acceso ao porto de Pontevedra. A realidade é que este orzamento é unha pura ficción xa que os orzamentos da Xunta para 2025 só contemplan unha raquílica partida de 100.000 euros.

En datas recentes, o pasado 8 de febreiro, o portavoz do PP en Pontevedra recoñeceu “certa desidia” do goberno galego en relación con esta obra. E anunciou que a proposta da Xunta era verter os sedimentos do Lérez a catro millas náuticas da illa de Sálvora, nunha zona que conta co frontal rexeitamento do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa. Semella que o goberno da Xunta está de novo buscando escusas para non levar a cabo esta obra tan demandada.

A este respecto, hai que ter en conta que o parlamento galego acordou por unanimidade buscar alternativas ao vertido no mar, mais o goberno galego ignora e despreza este acordo e non fixo ningún estudo ao respecto.

Para o BNG, a paralización deste proxecto e as escusas para xustificala son un desprezo a Pontevedra, a todas as institucións e entidades que levan máis de 20 anos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta impulsar o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia o acordo parlamentario unánime de xuño de 2019?

Considera o goberno galego de interese realizar un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría?

Que previsións ten o goberno galego para a presente lexislatura en relación coa dragaxe do río Lérez?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 27/02/2025 10:46:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/02/2025 10:47:04

Rosana Pérez Fernández na data 27/02/2025 10:47:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a caída do Índice de Producción Industrial Galego e a responsabilidade do Goberno Galego para reverter esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O índice de produción industrial (IPI) é o indicador que mide a evolución da actividade produtiva das principais ramas industriais. Este indicador reflexa a evolución conxunta da cantidade e da calidade da produción, eliminando a influencia dos prezos para así non estar influenciado por efectos como a inflación.

Polo tanto, este indicador proporciona, ao contabilizar cantidades producidas, información conxunta sobre a oferta e a demanda relativa á industria. En definitiva, proporciona información sobre o estado no que se atopa a industria dun territorio e a súa conxuntura económica.

Cando se analizan estes datos de IPI para Galiza queda reflexada a baixada produtiva do conxunto da industria galega, en contraposición co conxunto do estado.

Os últimos datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre o IPI xeral para Galiza deixan en moi mal lugar ao conxunto do sector industrial galego, xa que Galiza experimenta un decrecemento da actividade industrial desde que o Partido Popular asume o goberno da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A variación interanual do ano 2024 (con datos de decembro) mostra unha caída do IPI galego de 1,5 puntos porcentuais fronte ao incremento do conxunto do estado do 4,7%. Que cando se toman os valores absolutos entre o 2009 e o 2024, e se desglosan entre industria manufactureira e extractiva pode constatarase o papel que lle é asignado a Galiza na división internacional do traballo, onde a queda da produción da industria manufactureira contrasta co aumento da relevancia da actividade da industria extractiva, como amosa a seguinte táboa:

Táboa 1: IPI xeral (Datos INE).

	2008	2009	2024 (Decembro)
Total economía Galega	106.085	98.744	92.568
Industria Extractiva	74.850	102.662	114.089
Industria Manufactureira	97.881	98.925	92.206

Porén, o Goberno Galego do Partido Popular leva incidindo moito tempo que a solución á perda industrial neste país é o aproveitamento dos recursos, mais o que os datos reflicten é que un aumento da industria extractivista non ten a súa contrapartida na mellora dos indicadores da industria manufactureira, que é a que xera maior valor engadido.

Cando se analizan os datos de IPI por subsectores, entre os correspondentes á industria manufactureira que ven de minguar a súa actividade están actividades tan relevantes como a industria téxtil, a da madeira, a da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, a de material e equipamento eléctrico, etc.

Polo tanto vese preciso tomar medidas que vaian para alén da política subvencionista e de nota de prensa diaria e priorice estratexias, consensuadas co conxunto dos diferentes sectores, que afiancen a xeración de valor engadido propio, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peche ciclos produtivos no país e que abandone a dinámica de relegar a Galiza como buraco no que extraer recursos para exportar e xerar riqueza fóra do noso país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- A que se debe segundo o Goberno Galego a caída da produción industrial no noso país? A que se debe segundo a Goberno Galego esa diferenza coa tendencia do estado español?
- Como pensa o Goberno Galego enfrontar esta situación de crise industrial?
- Considera ao Goberno Galego que un 20% de PIB industrial é un obxectivo asumíbel nesta lexislatura?
- Como valora a Xunta de Galiza o actual investimento en I+D+i na industria galega e na economía en xeral? Por que non realiza unha aposta por aumentar este investimento até os niveis dos países da nosa contorna?
- Que outros elementos a parte do I+D+i considera a Xunta de Galiza que deberían recibir máis investimento para impulsar o sector industrial? Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para conseguilo?
- Considera oportuno a Xunta impulsar un Pacto galego para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, coa participación do Consello Económico e Social de Galiza, co obxectivo de reverter a situación na que se atopa a industria galega?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/02/2025 11:47:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento das normas de protección da igrexa de Santa Mariña do Azougue.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sensibilización social coa protección e defensa do patrimonio cultural de Betanzos permitiu facer público un novo episodio de descoido na súa conservación.

Referímonos ao vídeo amplamente difundido a través das redes sociais en que se comprobaban os procedementos impropios empregados pola empresa responsábel da execución das obras na igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos.

O vídeo reproduce o momento en que os traballadores da empresa de rehabilitación deste monumento, unha das mellores mostras do gótico galego e emblema do patrimonio cultural de Betanzos, poñen en risco a súa conservación ao elevaren cun guindastre unha pequena formigoneira até o tellado da igrexa, dando uns evidentes bandazos que mesmo parece que chega a impactar na fachada do edificio.

A Xunta de Galiza é a administración que ten que velar pola conservación do noso patrimonio e, polo tanto, debe revisar que calquera intervención no patrimonio garanta esta conservación na execución das obras de rehabilitación contratadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É coñecedora a Xunta do episodio descrito e amplamente difundido a través das redes sociais?
- Que autorizacións ten dado o goberno para intervir na igrexa de Santa Mariña do Azogue?
- Contactou o goberno coa empresa responsábel das obras para lle pedir explicacións sobre estas actuacións agresivas co patrimonio?
- Ten constancia o goberno da existencia de posíbeis danos na fachada da igrexa de Santa Mariña do Azogue por causa das obras descritas?
- Asegura o goberno da Xunta que a empresa está a cumprir todos os parámetros relativos ás intervención nun patrimonio cultural das características da igrexa de Santa Mariña do Azogue?
- Que medidas adoptou a Xunta para asegurar a protección e conservación do capital patrimonial que é a igrexa de Santa Mariña do Azogue durante a realización das actuais obras de rehabilitación?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2025 12:05:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer os datos oficiais de sinistralidade laboral que ofrece o Ministerio de traballo do ano 2024, e un ano máis o número de mortes no traballo na Galiza é estarrecedor.

64 persoas morreron mentres traballaban no ano 2024 no noso país, 8 persoas máis que o ano anterior. Este aumento amosa unha tendencia totalmente inaceptábel e deixa en evidencia a pasividade e a autocompracencia da Xunta que vimos denunciando reiteradamente.

Ademais a comparativa co estado español é moi preocupante xa que o índice de incidencia, é dicir, o número de mortes no traballo por cada 100.000 persoas traballadoras é moi superior á media estatal, o que ven sendo unha constante desde hai anos.

As causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as valoracións e as manifestacións das centrais sindicais, falla a prevención nos seus aspectos máis básicos, na coordinación de actividades, na presenza dos recursos preventivos, ou en certos casos ausencia total de medidas preventivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos diante dun escenario que só é posíbel pola tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais. Unha tolerancia que podemos constatar nos discursos parlamentarios do Partido Popular a este respecto, e que é preciso mudar urxentemente, porque nunca haberá cultura preventiva mentres o goberno se negue a condenar explicitamente as mortes no traballo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como explica a Xunta da Galiza os niveis de sinistralidade do noso país?
2. Como valora a Xunta de Galiza a actuación da inspección de traballo no noso país?
3. Cantos expedientes sancionadores por infraccións en materia de Prevención de riscos laborais ten pechado a Xunta de Galiza durante os anos 2021, 2022, 2023 e 2024?
4. Considera a Xunta de Galiza que os medios, o persoal e as competencias do ISSGA son suficientes e funcionais para mudar os niveis de sinistralidade do noso país? Como valora o ISSGA o resultado das súas campañas?
5. Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis récord de mortalidade laboral?
6. Por que se nega a Xunta de Galiza a condenar explicitamente as mortes no traballo?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 27/02/2025 12:42:30





Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado-portavoz e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O actual modelo de financiamento autonómico, vixente dende fins da primeira década do século e aprobado baixo o Goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, foi beneficioso para Galicia debido á consideración das variables que afectan de maneira especial á xestión e garantía dos servizos para as persoas. No caso de Galicia o envellecemento ou a dispersión xeográfica da poboación son dificultades para eses servizos, pois aumentan a demanda e complican a fixación deles de maneira capilar respecto da poboación beneficiaria.

Este modelo está, non entanto, necesitado de ser reformulado. Quince anos despois da súa posta en funcionamento a realidade é distinta, e as esixencias de financiamento son diferentes. Nesta liña o Goberno do Estado ten amosado a súa vontade de ser proactivo nesta reformulación e de chegar a un acordo beneficioso para todas as administración implicadas (CC.AA e Goberno do Estado).

Dentro do debate das distintas pancas de financiamento existente, nas recentes datas o Goberno do Estado vén de dar forma e concreción a unha proposta de condonación da débeda autonómica. Esta proposta pretende dotar de maiores recursos ás CC.AA, ao liberar de débeda ás propias comunidades autónomas, que poderán ver reducida a contía que hoxe inclúen nas súas contas.

Este sistema, en debate dende hai tempo, ten sido obxecto de valoracións e comentarios por parte das distintas CC.AA e tamén polos distintos partidos políticos. O principal partido da oposición no Estado e que sostén ao goberno en Galicia, o PP, destacou sempre por soster infundadas opinións pois non existiu ningunha proposta firme ata o de agora. Así valoraban distintas elucubracións sempre interpretadas con vontades conflitivas e destrutivas.





A realidade da proposta de condonación de débeda formulada polo Goberno do Estado é enormemente máis ambiciosa que calquera que se formulase antes, e ofrece para Galicia unha condonación da súa débeda de 4.000 millóns de euros. Galicia ten, hoxe en día, unha débeda autonómica superior aos 12.000 millóns, xerada fundamentalmente polos gobernos do PP dende 2009 que triplicaron a débeda nos 15 anos de goberno. Un terzo dela será asumida polo Goberno do Estado no caso de acollerse a este plan.

É máis ambicioso tamén que as valoracións que se fixeron por parte doutras forzas políticas. Así o nacionalismo galego valorou, dende o inicio das conversas públicas sobre o sistema de condonación da débeda, que no caso de que o Estado chegase a acordo coas CC.AA, Galicia debería recibir “medidas compensatorias” (acordo investidura PSOE – BNG, 2023, punto 3 na páxina 1). Estas “medidas compensatorias” son unha formulación conformista respecto da proposta actual, enormemente máis ampla e conformada en igualdade de condicións para todas as CC.AA.

Este sistema de condonación de débeda, ofertado no conxunto de España a todas as CC.AA de réxime xeral, supera todas as previsións previamente establecidas en contías e formato. O cómputo do sistema realízase en función da poboación axustada, o que implica a contabilización das dificultades para ofrecer servizos á poboación, cuestión que mantén criterios que para Galicia son determinantes.

Este sistema de cómputo por poboación axustada permite que Galicia, que ten o 5,5 % da poboación de España, reciba fondos con un cálculo sobre o 6,7 % para ter en conta as características singulares. Tamén cabe mencionar que o sistema computa baixo o conxunto da débeda, non priorizando o feito de que algunhas CC.AA teñan máis débeda adquirida co Estado e outras co sistema privado.

Este modelo de condonación computa o total, o que equipara ás CCAA e evita desequilibrios. Estas características teñen sido sinaladas tamén por expertos en financiamento, como o Foro Económico de Galicia, como elementos de relevancia para poder acollerse a un sistema de condonación de débeda.





Estamos, por tanto, ante unha proposta enormemente ambiciosa, que supón o primeiro e gran punto de inicio do financiamento autonómico. Supón para Galicia a posibilidade de dispoñer de 4.000 millóns de euros que non debería asumir como débeda, así como os intereses que se evitarían pagar por esa débeda (estimados no entorno dos 100 millóns anuais ata a amortización deses 4.000 millóns).

Este sistema, aplicado no conxunto de España, vén de recibir un ataque furibundo do PP como partido da oposición en España e tamén por parte do Goberno de Galicia. O mandato partidista de confrontar contra o Goberno de España, que dende Galicia aplica Alfonso Rueda priorizando a súa submisión partidista por riba da súa responsabilidade como goberno de Galicia, pon en perigo a posibilidade dunha enorme axuda para que Galicia poida reinvestir en servizos públicos como sanidade, dependencia, educación ou vivenda.

A actual negativa a acollerse á condonación da débeda é un erro enorme, que unicamente responde ao interese partidista ao que se somete o Goberno de Galicia, e que pode levar a Galicia a deixar pasar unha gran oportunidade por se ver instrumentalizada como ferramenta partidista que utiliza o PP para as súas estratexias estatais.

Ante esta situación, o deputado-portavoz e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Por que o Presidente da Xunta de Galicia actúa sometido aos intereses partidistas do PP estatal en vez de priorizar os intereses de Galicia e acollerse ao sistema de condonación de débeda que promovería unha quita de máis de 4.000 millóns de euros para Galicia?

2ª. Considera o Goberno galego que os criterios de poboación axustada para o cálculo dos sistemas relativos ao financiamento autonómico son bos para Galicia?

3ª. Cantos xuros debería asumir o Goberno de Galicia por manterse fóra do sistema de condonación da débeda, ao seguir tendo que pagar a súa débeda completa?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 13:18:43
Nº Rexistro: 20944
Data envío: 27/02/2025 13:18:43,402

Parlamento de Galicia, 27 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/02/2025 13:15:35

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2025 13:15:46

Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2025 13:15:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72656

@PSdeG



CSV: BGJREBQ&P33BMIZAP58 p-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado da tramitación do expediente de declaración BIC do Pazo de Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 10 de maio de 2023 recolle a incoación do procedemento para a declaración do Pazo de Lourizán como Ben de Interese Cultural, na categoría de monumento con protección integral.

Independentemente de cal é a figura de BIC máis axeitada (semella que a de sitio histórico se axusta mellor ao significado e simbolismo do predio), non houbo noticias posteriores sobre a tramitación deste expediente.

Por outra parte, o Pazo conta cun nivel de protección integral no vixente PXOM de Pontevedra, ao estar recollido no Catálogo de Edificación e Elementos para Conservar da cidade e medio rural de Pontevedra.

Segundo a información feita pública polo goberno galego, a tramitación do BIC está directamente relacionada co financiamento das obras de rehabilitación, pois “permitirá acceder aos fondos europeos Next Generation en marcha para a dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico, nos que a incoación BIC é un requisito necesario”.

Cómpre ter en conta tamén que, dacordo co establecido nos apartados 17.4 e 17.5 da lei do patrimonio cultural de Galiza,

4. A incoación do procedemento determinará a aplicación provisional ao ben do mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. A incoación do procedemento de declaración de interese cultural dun ben inmovible determinará a suspensión da tramitación das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas, a excepción das de mantemento e conservación. A continuidade da suspensión dependerá da resolución ou da caducidade do expediente incoado. A suspensión levantarase coa resolución do procedemento.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o estado de tramitación do expediente de declaración como BIC do Pazo de Lourizán?

Aplicou a Xunta ao Pazo de Lourizán o mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural?

En que medida a incoación do expediente de declaración como BIC condiciona os proxectos de rehabilitación e usos do Pazo?

Considera a Xunta que as propostas de intervención e usos incluídas no concurso de ideas para a rehabilitación do Pazo de Lourizán son compatibles co BIC e coa protección patrimonial establecida no PXOM de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2025 13:31:42

Luis Bará Torres na data 27/02/2025 13:31:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan de Exhumacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno central está a levar a cabo os plans plurianuais de exhumacións de foxas da represión franquista, en colaboración cos gobernos autonómicos. No caso de Galiza, levouse a cabo o plan plurianual que se iniciou en 2021 e que se desenvolveu até 2024 con unha achega de fondos do goberno central de 320.000 euros.

Estas achegas foron incorporadas no orzamento da Consellaría de Cultura no programa de *Actividades de promoción e difusión cultural*, e desenvolvidas de maneira cuase clandestina e sen ningún tipo de difusión por parte do goberno galego. Un *modus operandi* perfectamente coherente coa aversión que o PP sente polas políticas públicas de memoria histórica e coa eliminación de todas as liñas de actuación que nesta materia impulsou a Xunta nos anos 2005-2009.

Para efectivizar o investimento dos fondos transferidos, a Xunta asinou convenios anuais coa USC para encomendarlle as tarefas a un equipo interdisciplinar integrado polo grupo Histagra, o IMELGA, o grupo de Medicina Xenómica e o Instituto Luis Concheiro de Ciencias Forenses da USC. É este equipo quen se encarga da coordinación de todos os traballos e a relación coas familias, sen que o goberno galego participe no desenvolvemento do proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Plan de Exhumacións adoece de numerosas eivas no tocante á súa concepción e desenvolvemento, o que fai que os traballos sexan complexos e os resultados limitados. Para comezar a sinatura dos convenios e a transferencia dos fondos faise coas anualidades moi avanzadas, o que dificulta a execución dos traballos en prazo; non existe ningún departamento ou oficina da Xunta encargado de memoria histórica, dereitos civís, etc., o que leva a que a tramitación dos procedementos se faga desde o departamento de Cultura; as autorizacións das actuacións fanse desde o departamento de Patrimonio Cultural, cando se trata de intervencións que teñen outras dimensións ademais das histórico-culturais; normalmente non hai intervención de instancias xudiciais, cando sería o lóxico por tratarse de lugares onde se perpetraron presuntos crimes; non hai continuidade entre a exhumación e a análise dos restos polo que os procesos ás veces dilátanse excesivamente. Existen outra serie de dificultades que fan que mentres que as localizacións e exhumacións son bastante exitosas, as identificacións son moi escasas.

Moitos destes inconvenientes e dificultades poderían subsanarse se existise un verdadeiro plan público de localización de foxas, exhumación e enterramento digno de vítimas da represión franquista. Experiencias como as desenvolvidas polo goberno de Euskadi no seu Plan de Exhumacións constitúen unha referencia e un exemplo a seguir.

Todo o anterior pon de manifesto o nulo interese e a incomodidade do goberno da Xunta do PP con esta materia. A Xunta non fai sinatura pública dos convenios coa USC, non está presente nos traballos de exhumación, non participa nos actos de homenaxe nin fai divulgación específica sobre estas actuacións, que son fundamentais para o recoñecemento e reparación das persoas que foron asasinadas por defender valores democráticos e republicanos e polo seu compromiso con Galiza.

Malia todas eivas, as actuacións realizadas até o momento e as novas previstas son de moito interese pola súa dimensión simbólica e humana; ademais da reparación e consolo para as familias, as investigacións realizadas permiten ter un coñecemento máis





completa das dinámicas represivas e de enterramento/ocultación das vítimas da represión franquista en Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta crear un departamento ou unidade administrativa para xestionar as programacións de memoria histórica, incluíndo a coordinación, impulso e difusión do plan de exhumacións?

Vai o goberno galego participar activamente no desenvolvemento e divulgación do plan de exhumacións e completar o financiamento do mesmo con achegas propias?

Vai a Xunta participar e colaborar nas actividades de reparación e homenaxe, no acompañamento ás familias das vítimas, na identificación dos restos e nas actuacións de enterramento digno de acordo coas familias e respectando o seu dereito á intimidade?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: Luis Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/02/2025 16:34:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 27/02/2025 16:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á eliminación definitiva dos vertidos e á ampliación da recuperación da zona e o litoral da Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros deste ano, unha mancha de hidrocarburo no litoral da zona da Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal, provocou a activación do Plan Camgal de contaminación mariña en fase de alerta.

Nun primeiro momento a procedencia do vertido foi atribuída por parte da Consellaría de Mar ao sistema de tuberías dos depósitos de gasóleo das instalacións da antiga fábrica de HADASA, en estado de abandono dende hai anos, e anunciouse unha investigación para determinar exactamente as causas do mesmo.

Os vertidos sucedéronse durante varios días e os técnicos do Plan de Control de Vertidos da Xunta de Galiza realizaron o seguemento da situación ao mesmo tempo que se anunciaban novas inspeccións xa que se barallaban outras posibilidades sobre a súa orixe, nomeadamente a da súa filtración a través dun muro de contención dos terreos onde se ubicara unha conserveira, contiguos a HADASA, nos que recentemente Costas, a través da empresa Tragsa, levava a cabo actuacións de rexeneración.

Precisamente, segundo trascendeu publicamente, a Consellaría de Medio Ambiente solicitou á Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio de Transición





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ecolóxica, a documentación sobre aquel proxecto de rexeneración do borde litoral da Ribeiriña, concluído hai apenas un ano.

A día de hoxe descoñecemos cais foron os resultados e as conclusións definitivas das investigacións levadas a cabo polos técnicos da Xunta de Galiza, que si parece que constataron que os vertidos proceden dos terreos recuperados por Costas e ocupados con anterioridade pola conserveira La Onza de Oro, xa que lle requeriu á Demarcación de Costas en Galiza que os solucionase e lle fixese unha proposta de investigación para coñecer o estado actual do solo no que levou a cabo as actuacións.

Segundo a propia Xunta de Galiza, tamén ten no seu poder un informe emitido pola Demarcación de Costas no que se recoñece que na execución das obras de rexeneración da zona no seu momento observáronse filtracións e atopáronse dous depósitos de hidrocarburos enterrados en mal estado que non foron retirados. De ser así, é evidente que se daquela se tomaron medidas a este respecto, non foron as acaídas ou non foron suficientes.

Na zona da Ribeiriña existiu certamente actividade industrial durante moitos anos e a súa veciñanza sorportou non só as consecuencias da mesma no tempo en que se mantivo se non que aínda tardou demasiado en ver as actuacións de recuperación desa parte do litoral pobrense que permaneceu décadas abandonado.

Non foi ata o ano 2011 cando se puideron comprobar os primeiros cambios, o desmantelamento da vella conserveira da Onza de Oro deu lugar ao acondicionamento dunha ampla zona para desfrute público e xa daquela o Goberno municipal anunciara unha segunda fase na que Costas incluíría a compra e derrube da antiga nave industrial de HADASA. Mais a negociación entre a Administración estatal e os acreedores da empresa non chegou a acordo. Finalmente, no ano 2015, foi o responsábel da Demarcación de Costas en Galiza quen fixo público que o Estado nin compraría nin expropiaría HADASA. A continuidade do proxecto de recuperación do borde litoral da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ribeiriña comezado no 2011 foi retomado no ano 2023, mais HADASA, aínda ocupando unha parte de terreo de dominio público marítimo terrestre, permanece a día de hoxe e despois de se remataren as actuacións de Costas, nun avanzado estado de deterioro que mesmo pon en risco o medio ambiente e ás persoas.

Despois dos episodios de vertidos no mes de xaneiro non só se fai máis necesaria que nunca unha restitución definitiva da zona, na que se inclúa a compra e derrube da antiga HADASA, se non tamén que prioritariamente se leven a cabo as accións precisas para evitar todo tipo de vertidos ás praias e ao mar. E nesta dirección precisamente, tamén a Corporación Municipal da Pobra do Caramiñal adoptou acordos de xeito unánime o pasado 30 de xaneiro,

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que resultados e conclusión tirou o Goberno galego das investigación levadas a cabo sobre a procedencia dos vertidos do mes de xaneiro no litoral da zona da Ribeiriña, no Concello da Pobra do Caramiñal?

. Que actuacións levou e vai levar a cabo baseadas neses resultados?

. Vai facer chegar as conclusións das investigacións efectuadas aos Grupos parlamentarios do Parlamento galego?

. Que valoración fai das actuacións que levou a cabo o Ministerio de Transición Ecolóxica na zona e que remataron hai apenas un ano?

. Que actuacións levou e vai levar a cabo para evitar novos vertidos no lugar?

. Considera que a permanencia da antiga fábrica de HADASA é un obstáculo para a recuperación definitiva do borde litoral da Ribeiriña? De ser así, que actuacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

está disposto a levar a cabo para que os terreos onde aínda se asenta poidan pasar a ser de titularidade pública?

. Considera que a recuperación do litoral na Ribeiriña debe extenderse e ampliarase? De ser así, en que medida está disposto a levar a cabo e solicitar a colaboración da administración estatal para elaborar o proxecto que o contemple?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/02/2025 16:42:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impulso á dotación de vivendas sociais no concello de Esgos..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1987 o Concello de Esgos adquiriu da Xunta de Galiza un bloque de 12 vivendas do grupo de promoción pública existente no Camiño Saramagal co obxecto de destinalo a cuartel da Garda Civil e a domicilio dos persoal destinado no concello.

Dende hai anos do bloque de vivendas de promoción pública cedido, a Garda Civil só ocupa o baixo, como oficina, e unha vivenda de xeito de habitual e outras dúas esporadicamente, o que supón non só que o inmovble non está sendo destinado para o uso para o que se concibiu, nin tampouco para o que se cedeu, senón a infrautilización dun ben escaso como é a vivenda, que supón a primeira das preocupacións da cidadanía.

Estudos recentemente publicados advirte do ascenso continuado do prezo da vivenda nova que na Galiza supuxo un incremento dun 3,6% respecto do ano 2023, ate acadar os 1.882 €/m2, o que implica que a cidadanía galega ten que destinar durante máis de 7 anos o seu salario íntegro para adquirir unha vivenda en propiedade. Asemade e segundo o referido estudo, Ourense entra no grupo das 12 capitais de provincia que teñen o prezo da vivenda nos seus máximos históricos, isto é, nunca tanto houbo que pagar pola adquisición dunha vivenda nova. Situación que non existe previsión se reverta nos vindeiros anos, polo que cumpre que se interveña dende as Administracións Públicas na garantía do dereito das persoas a unha vivenda digna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas últimas dúas décadas o concello de Esgos experimentou unha perda de poboación, superior a un 15%, debido ao descenso na poboación orixinaria do concello en máis de 274 habitantes, que non se ve compensada coa chegada de poboación estranxeira, que apenas se incrementou en 11 persoas.

A pesares do exposto, segue a existir tanto no propio concello, como en concellos limítrofes demanda de vivenda protexida, demanda que a Xunta de Galiza non está atender, pois segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística durante os últimos dez anos en toda a provincia de Ourense só se rematou 1 vivenda protexida, que segundo o referido Instituto foi no ano 2014.

En consecuencia, dado que no concello de Esgos existe un bloque de vivendas de titularidade municipal, adquirida no seu día do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e que formaba parte dunha promoción de 36 vivendas de promoción pública, e que cedido o seu uso á Garda Civil hoxe dúas terceiras partes se encontran sen uso algún, dende o BNG consideramos necesario atender unha das principais demandas da cidadanía en xeral, e tamén do concello de Esgos, e promover que recuperen o uso para o que se concibiron e que podan ser destinado como vivendas sociais, en réxime de propiedade ou de aluguer, evitando a crecente perda de poboación que padecen os concellos do rural ourensán, e sen que en ningún caso poda implicar detrimento do servizo de seguridade e protección de dereitos fundamentais que actualmente ven presentado a Garda Civil en Esgos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cónstalle á Xunta de Galiza a promoción polo IGVS de 36 vivendas de protección oficial no Saramagal no concello de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os terreos nos que se construíron esas vivendas foi cedido polo Concello de Esgos con fin de que foran destinadas a vivendas de protección oficial?

Subsiste algunha débeda do Concello de Esgos coa Xunta de Galiza pola construción e/ou mantemento das referidas vivendas?

No seu caso, a canto ascende a débeda e cal é o concepto da mesma?

Coñece a Xunta de Galiza se o bloque de 12 vivendas cuxo uso foi cedido para a súa utilización pola Garda Civil se encontra ocupado na súa totalidade?

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión para a súa recuperación e efectiva utilización, total ou parcial, como vivendas?

Ten previsto a Xunta de Galiza a promoción e/ou construción de vivenda protexida no concello de Esgos?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/02/2025 17:03:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta escrita.

Unha trintena de entidades do terceiro sector da cidade de Ourense acordaron solicitar a convocatoria urxente do Consello Municipal de Servizos Sociais.

Entidades como Neuroburgas, APES, ApuntasTE, Trasgos, Asociación Diabética Auria, ValoresRSC, Fundación Amigos de Galicia, Asociación de Crohn y Colitis Ulcerosa de Ourense, Cogami, Aixiña, Alcer, Asociación de Fibromialgia y Fatiga Crónica, Xarela, Por Eles TEA, Fundación Secretariado Gitano, etc, veñen de presentar por rexistro escritos nos que expoñen de forma literal:

“Dende a Asociación “.

SOLICÍTASE,

A convocatoria urxente do Consello Municipal de Servizos Sociais -que xa leva tempo sen ser convocado- e para o que tamén solicitamos de novo a nosa inclusión no mesmo, ao ser ademais unha entidade social integrante do Rexistro de Participación Cidadá-, co obxecto de abordar entre outros, os seguintes asuntos de importancia, e que pregamos se inclúan na orde do día:

- 1. Configuración da subvención para a prestación de servizos sociais (concorrenza competitiva ou convenio). Modificación das bases da convocatoria.*
- 2. Dotación de crédito, que non foi ampliada nos últimos 18 anos. Ampliación da partida orzamentaria (procedemento e prazos a tal efecto).*





3. *O propio funcionamento da axuda: Convocatoria en xaneiro/febreiro. Resolución en prazo para poder realizar un traballo planificado durante o ano en curso.*
4. *Traslado de necesidades sociais urxentes e incidencias na intervención social conxunta dos servizos sociais na nosa cidade.*
5. *Funcionamento e periodicidade do Consello.*
6. *Abordaxe da inclusión das entidades pendentes de solicitude para a súa participación no Consello en futuras convocatorias para aportar valor e as súas necesidades.*
7. *Reflexión sobre o funcionamento da área de Intervención do Concello e sobre o que pode ser solucionable para non dilatarse tanto no tempo os expedientes.*

O Grupo Parlamentario Socialista ten denunciado o abandono que o Goberno municipal liderado polo alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, ten feito dos servizos sociais durante o seu mandato e por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego dirixirse ao Concello de Ourense para que proceda a realizar a convocatoria do Consello Municipal de Servizos Sociais?
2. De ser positiva a anterior resposta, cando se realizará esta petición?
3. Que valoración realiza a Xunta de Galicia da situación dos servizos sociais na cidade de Ourense?
4. E da situación que padecen as entidades do terceiro sector na cidade de Ourense?
5. Vai realizar o Goberno galego accións complementarias para emendar o déficit que padece a cidadanía de Ourense en materia de servizos sociais?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 17:38:16
Nº Rexistro: 20979
Data envío: 27/02/2025 17:38:16.291

Parlamento de Galicia, 27 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/02/2025 17:30:29

Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2025 17:30:40

Silvia Longueira Castro na data 27/02/2025 17:30:50

CSV: B0R0G3FG6WZ7SP0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72673

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CIAM, o centro de investigacións agrarias de Mabegondo, é un centro cunha traxectoria centenaria, os seus orixes remóntanse ao século XIX e foi aí a orixe da investigación agraria en Galiza. Estamos ante un dos centros referenciais na investigación exemplo no pasado para toda a península ibérica no tocante a investigación en pastos e sistemas agrarios da franxa atlántica e as producións agrícolas e gandeiras.

Nos anos 70 do pasado século establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

Un centro de referencia tamén os centros universitarios relacionados co agro dende os tempos da antiga Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posteriormente Escola Politécnica Superior da USC e o resto dos centros universitarios do País. Un centro que sempre era unha referencia na formación do enxeñeiros das ramas agrarias. Tamén tiña unha especial importancia na transferencia desas investigacións e coñecemento ao sector; aos produtores agrarios.

O centro que nos servía para ese orgullo patrio, orgullo para os gandeiros e agricultores para dicir que a profesión de gandeiro, gandeira, agricultor agricultora era importante para a sociedade e para o goberno da Xunta de Galiza.

Por isto as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.

A situación nestes momentos deste centro é que leva anos nunha caída en picado no que se refire a atención e apoio económico por parte da administración responsábel deste centro, a Xunta de Galiza. Un desmantelamento progresivo que non compartimos dende o Bloque Nacionalista Galego.

A pouca altura de miras e a escasa valoración de parte dos gobernos do PP, do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ao CIAM.

Neste días apareceron nos medios de comunicación novas preocupantes sobre este centro de investigación. Novas nas que o persoal investigador do CIAM pon de manifesto, expresan o profundo descontento cos xestores responsábeis da Axencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) dependente da consellería do medio rural. Expresan e denuncian tamén a situación crítica na que se atopa o centro; responsabilizando desta situación a Xunta de Galiza, ao mesmo tempo que se explica que esta situación se puxo en coñecemento dos responsábeis da Xunta de Galiza numerosas veces; o ultimo deles un escrito asinado por 21 dos 23 investigadoras e investigadores do centro.

Esta situación crítica tamén afecta ás estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas.

Dende o BNG non entendemos que se siga pondo trabas, que se siga este proceso de desmantelamento sistemático do noso principal centro de investigación agraria, e non compartimos nin avalamos esta actuación da Xunta de Galiza contraria a investigación pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cree o Goberno galego que a investigación realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da Consellaría do Medio Rural) é necesaria para a sector agrogandeiro galego?
2. Pretende a Xunta de Galiza seguir co desmantelamento progresivo dos centros de investigación agraria do noso País?
3. Coñece a Xunta de Galiza os problemas do CIAM e das estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas?
4. Coñecen o escrito remitido polo persoal investigador?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Tiveron os responsábeis da Xunta de Galiza algunha xuntanza co persoal investigador do CIAM?

6. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos problemas expresados polo persoal investigador sobre os problemas do CIAM e das estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas?

7. Que actuacións pretende facer a Xunta de Galiza para resolver as graves deficiencias expresadas polo persoal investigador?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 27/02/2025 17:51:16

Sonia Vidal Lamas na data 27/02/2025 17:51:20

Ariadna Fernández González na data 27/02/2025 17:51:34

Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2025 17:51:42

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/02/2025 17:51:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A vicepresidenta primeira e ministra de Facenda, María Jesús Montero, anunciou para a reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira -CPFF, que se celebra o 26 de febreiro de 2025- que o Estado asumirá 83.252 millóns de euros de débeda das comunidades autónomas.

Trátase dunha medida sen precedentes que beneficia a todas as comunidades do réxime común, independentemente de que contraesen débeda co FLA ou outro mecanismo de financiamento extraordinario do Estado. No caso de Galicia, a condonación da débeda por parte do Estado alcanza os 4.010 millóns de euros. Isto supón reducir a débeda galega nun 33 % respecto ao peche rexistrado en 2023.

Un dos principais problemas económicos de Galicia, no presente e no futuro, é a débeda pública galega, que os gobernos do Partido Popular triplicaron ao longo dos seus mandatos, de forma que hoxe supón, cos últimos datos dispoñibles do protocolo de déficit público excesivo do Banco de España, o 15 % do PIB cando no ano 2009 se situaba no 8,6 %. Unha débeda que pasou de supoñer 4.859 millóns no conxunto de 2009 a 12.154 millóns de euros nos datos máis recentes respecto do terceiro trimestre de 2024.

O obxectivo desta proposta, que foi remitida o 25 de febreiro do 2025 ás comunidades autónomas para o seu debate no Consello de Política Fiscal e Financeira do mércores, é corrixir o sobreendeudamento ao que se viron abocadas as administracións autonómicas durante a crise financeira e que





contrasta co apoio que recibiu durante o Goberno de Pedro Sánchez para afrontar a crise sanitaria derivada da pandemia ou os efectos da guerra en Ucraína.

É un feito que con menos débeda hai máis Estado do Benestar. Grazas a esta medida do Goberno, as comunidades autónomas verán reducido de forma significativo o seu pasivo e estarán en mellor posición para reforzar servizos públicos como a sanidade, a educación ou a dependencia. Así mesmo, a titular de Facenda resaltou que esta actuación inédita permite ás comunidades gañar autonomía financeira e poder saír aos mercados en mellores condicións.

Pese a que a condonación da débeda beneficia aos galegos e as galegas e permitiría fortalecer os nosos servizos públicos, o presidente da Xunta de Galicia rexeita que o Goberno central lle perdoe 4.010 millóns de euros: "Non nos vale", dicía o presidente autonómico, Alfonso Rueda. De acordo cos datos do Ministerio de Facenda, Galicia é a terceira comunidade na que se condona unha maior porcentaxe da débeda pública.

En definitiva, a condonación de parte da débeda autonómica é coherente coa política de apoio ás comunidades autónomas que o Goberno progresista brinda desde o primeiro día para garantir os recursos suficientes ás comunidades para prestar servizos públicos de calidade en contextos moi complexos como unha pandemia ou o impacto da guerra de Ucraína.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a defender os intereses dos galegos e das galegas e aceptar unha quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros que lle ofrece o Goberno de España?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:04:55
Nº Rexistro: 20992
Data envío: 27/02/2025 18:04:55,989

2. Coñece o Goberno galego que manteñen a súa negativa a negociar unha quita da débeda pública co Goberno de España veríase afectada a calidade do estado de benestar: sanidade, educación e dependencia?

Santiago de Compostela, a 27 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2025 17:56:40

Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2025 17:56:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72680

@PSdeG



CSV: BGJRBG.SjyG3mZP5P-p-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:06:41
Nº Rexistro: 21000
Data envío: 27/02/2025 18:06:41.115

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 24 de xaneiro de 2025 o PP votou en contra no Congreso dos deputados/as do Real decreto-lei 9/2024, coñecido como Decreto ómnibus ou de escudo social.

Como é sabido- mentres o PP buscaba escusas de mal pagador para xustificar o seu cambio de criterio- o Goberno de España decidiu impulsar un novo decreto para recuperar gran parte do escudo social. Así, o 12 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados validou por 315 votos a favor a Real decreto-lei 1/2025, que inclúe un paquete de medidas urxentes para reforzar a protección social.

Pero, hai medidas que se incluían no Real decreto-lei 9/2024 -ao que o PP votou NON- que quedaron fóra; en concreto, todas as medidas de índole fiscal, económico, industrial. E entre elas, quedou fóra a ampliación da financiación á Xunta de Galicia do Plan Moves III, que permitirá prorrogar as subvencións públicas para a compra de coches eléctricos e de infraestruturas eléctricas de recarga.

O Plan MOVES III é unha iniciativa do Goberno de España destinada a promover a mobilidade sostible mediante incentivos económicos para a adquisición de vehículos eléctricos e a instalación de infraestruturas de recarga. Este programa, que forma parte do Plan de Recuperación,





Transformación e Resiliencia, busca reducir as emisións de CO₂ e fomentar un transporte máis limpo e eficiente no país.

Actualmente, en España, as axudas do Plan MOVES III para a adquisición de vehículos eléctricos e a instalación de puntos de recarga non están activas. A prórroga deste plan, que estendía a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2025, foi rexeitada polo Congreso dos Deputados o 24 de xaneiro de 2025, debido á non aprobación do denominado "Decreto omnibus".

Esta situación xerou incerteza tanto no sector da automoción como entre os potenciais compradores de vehículos eléctricos.

Non obstante, o Goberno está a traballar nun novo programa de axudas que substitúa ao Plan MOVES III. Segundo declaracións da vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica, Sara Aagesen, espérase que estas novas axudas se activen "moi proximamente" e que teñan carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2025.

O apoio ao Plan MOVES III representa unha oportunidade significativa para continuar a promover a mobilidade sostible en Galicia. É relevante que continúen as axudas- de ata 9.000 euros- para que a compra dun vehículo eléctrico sexa asumible para toda a cidadanía, non só para rendas altas. É relevante o apoio do PP en Galicia a prórroga do Plan MOVES para facilitar a transición cara a vehículos máis limpos e eficientes, e contribuíndo á redución das emisións contaminantes.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está de acordo o Goberno galego que se prorrogue o Plan Moves III, e que a Xunta de Galicia reciba financiación para convocar as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:06:41
Nº Rexistro: 21000
Data envío: 27/02/2025 18:06:41.115

- subvencións públicas para a adquisición de vehículos eléctricos e instalación de infraestruturas de recarga?
2. Está disposto o Goberno galego, dentro das súas competencias autonómicas, a aprobar unha normativa para regular os procedementos para autorizar e axilizar o despregamento de infraestruturas de recarga?
 3. Vai o Goberno galego a valorar aprobar unha convocatoria de subvencións públicas, a través do Inega, que teña por obxecto incentivar e facilitar o desenvolvemento das infraestruturas de recarga nas zonas que non contan coa cobertura necesaria, sobre todo en núcleos rurais ou concellos afectados polo despoboamento?

Santiago de Compostela, a 27 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2025 18:02:42

Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2025 18:02:51

Lara Méndez López na data 27/02/2025 18:02:58





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:11:21
Nº Rexistro: 21006
Data envío: 27/02/2025 18:11:21.945

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 24 de xaneiro de 2025 o PP votou en contra no Congreso dos Deputados/as do Real decreto-lei 9/2024, coñecido como Decreto ómnibus ou de escudo social.

Como é sabido- mentres o PP buscaba excusas de mal pagador para xustificar o seu cambio de criterio- o Goberno de España decidiu impulsar un novo decreto para recuperar gran parte do escudo social. Así, o 12 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados validou por 315 votos a favor o Real decreto-lei 1/2025, que inclúe un paquete de medidas urxentes para reforzar a protección social.

Pero, hai medidas que se incluían no Real decreto lei 9/2024- ao que o PP votou NON- que quedaron fora, en concreto, todas as medidas de índole fiscal, económico e industrial. E entre elas, quedaron fora as entregas a conta ás comunidades autónomas.

En concreto, o decreto derogado, co voto en contra do PP, incluía unha partida de 9.600 millóns de euros para repartir entre as autonomías en concepto de entregas á conta.

As entregas ou anticipos a conta son os recursos que o Estado vai repartindo con antelación ás comunidades en función das previsións de recadación de impostos que se manexan para o ano. Supoñen o groso dos recursos cos que contan os territorios e en cada exercicio actualízanse seguindo as previsións





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:11:21
Nº Rexistro: 21006
Data envío: 27/02/2025 18:11:21.945

que se manexan para a economía e os ingresos tributarios, dous indicadores que apuntan na boa dirección tras varios anos con vento de cola.

Sen esta actualización, que en conxunto chega a 9.700 millóns de euros, as autonomías recibirán en anticipos practicamente a mesma cantidade que o ano pasado, é dicir, uns 135.400 millóns de euros a repartir entre as 15 autonomías de réxime común. Os preto de 10.000 millóns de euros en actualizacións, que quedan nas pavías.

En 2025, Galicia recibirá as maiores entregas á conta da súa historia con 10.262 millóns de euros, un 9,5% máis que 2024. É dicir, 888,1 millóns máis por este concepto. En total, incluíndo a liquidación de 2023, Galicia recibirá en 2025 do sistema de financiamento 10.857,5 millóns de euros, un 2,8% máis que en 2024.

Por elo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

O Goberno galego apoia que Galicia reciba xa os anticipos á conta tan relevantes para o sistema de financiación autonómica, sobre o que o PP votou en contra o 24 de xaneiro de 2025 no Congreso dos Deputados/s?

Santiago de Compostela, a 26 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/02/2025 17:52:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72685

@PSdeG



CSV: BGJRG-3Y675M6Z8P-SP-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 18:11:21
Nº Rexistro: 21006
Data envío: 27/02/2025 18:11:21.945

Elena Espinosa Mangana na data 27/02/2025 17:52:24

CSV: B0R0G3yG75M6Z0P5P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72686

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A remodelación do nó de bombeiros en Pontevedra é unha clara mostra de como o Goberno de Pedro Sánchez aposta por desbloquear infraestruturas significativas para a vertebración de Pontevedra e de Galicia.

Esta obra supón saldar unha débeda histórica, xa que se trata dun proxecto pendente dende 2015 que mellorará a mobilidade de Pontevedra e da súa contorna.

Levarase a cabo unha remodelación completa do nó de Bombeiros que implicará o derribo dalgunhas infraestruturas actuais e a construción de novos accesos directos á autoestrada AP-9, a estrada de Vilagarcía e o centro da cidade.

Pero unha vez solucionado o problema deste tramo, quedan outros viarios contiguos pendentes, que levan moitos anos sufrindo un elevado colapso de circulación e cuxa competencia corresponde á Administración autonómica.

Refírome ao viario do Vao que conectaría a estrada autonómica PO-310 de acceso a Campañó (na Caeira) e a estrada autonómica PO-531 (Pontevedra-Vilagarcía).

E tamén a denominada variante de Alba que é un proxecto que a Xunta ten pendente dende hai 20 anos e que tras a cesión do Ministerio de Transportes dos 3,22 km da estrada de Santiago, desde a glorieta de Pasarón ata o lugar





de Touceda, na parroquia de Alba e o consenso no proxecto presentado polo concello no ano 2021, non hai escusa para que non se inicie esta obra.

Por outra banda, a Xunta ten que cumprir o compromiso adquirido de mellora da seguridade viaria peonil e ciclista entre Pontevedra e Poio, que implicaría:

a) Aproveitando a remodelación do nó de Bombeiros e a construción da senda peonil e ciclista, e beirarrúa que executará o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible do Goberno de España entre este punto e a ponte das Correntes (Pontevedra) a través do paseo de Domingo Fontán, conectando o centro urbano de Pontevedra con Poio: construción por parte da Xunta de Galicia de senda peonil e ciclista por unha marxe e beirarrúa pola outra, onde non a haxa, no tramo da PO-531 (Pontevedra-Vilagarcía) que discorre, atrevesando o novo nó de Bombeiros, entre a Ponte da Barca (Poio) e o Polígono do Vao (Pontevedra), obxecto dunha ampliación neste momento que o converterá nunha das principais zonas comerciais de Pontevedra.

b) Construción de senda peonil e ciclista por unha marxe e beirarrúa pola outra, onde non as haxa, no tramo da PO-308 (Pontevedra-A Lanzada) entre a Ponte da Barca e Sanxenxo

Nós os socialistas, cremos que a execución das obras anteriormente mencionadas suporía unha mellora notable nunha zona especialmente sensible articulando e mellorando de maneira substancial a mobilidade en toda a zona.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación as seguintes preguntas:

1. Que obras ten previsto executar o Goberno da Xunta no ano 2025 para mellorar a mobilidade viaria de Pontevedra e a súa contorna?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 17:36:12
Nº Rexistro: 20974
Data envío: 27/02/2025 17:36:12.369

2. Vai o Goberno galego no ano 2025 iniciar proxectos pendentes na comarca de Pontevedra como o viario do Vao ou a variante de Alba?

Santiago de Compostela, 27 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/02/2025 13:55:41

Carlos López Font na data 27/02/2025 13:55:49

CSV: BGJRBQ-SPEX-6M1WZD9P-457
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

72689

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

